

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de xaneiro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e once minutos do día vinte e seis de xaneiro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Calviño Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(23).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:

- a) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 65/09 P.A. Demandante: D. Alfonso Fernández Portas. Obxecto: Selección de persoal laboral de escolas-obradoiros (VIGO-ZOO). Resolución do 19.12.08 Consellería de Traballo da Xunta de Galicia. Non é firme, estima o recurso. Expte. 5182/111.

- b) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 133/09 P.A. Demandante: D. Pablo Fernández Estévez. Obxecto: Sanción de tráfico “SER”. Sentenza firme, estima o recurso. Expte. 5321/111.
- c) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2, RC-A Nº 423/09 P.A. Demandante: D. Aquilino Jose Lousa Reventos. Obxecto: Sanción de tráfico, non identificación de condutor. Sentenza firme, estima o recurso. Expte. 5501/111.
- d) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2, RC-A Nº 314/09 P.A. Demandante: D. Alfredo Rodríguez Gil. Obxecto: Sanción de tráfico. Sentenza firme, estima o recurso. Expte. 5411/111.
- e) Sentenza do TSXG, sala do C-A, sección 2ª RC-A nº P.A. 372/2005. Demandante: POMPAS FUNEBRES SANTA CRISTINA, S.L. Sentenza do C.A nº 1 de Vigo (PA 372/05). Obxecto: Cuestión de ilegalidade do art. 18.3º da Ordenanza Municipal Funeraria. Sentenza estimatoria. Expte. 1752/111.
- f) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 152/09 P.A. Demandante: D. Paulino J. González López. Obxecto: Sanción de tráfico. Estima parcialmente o recurso. Expte. 5424/111.
- g) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 140/09 P.A. Demandante: D. Pablo Fernández Estevez. Obxecto: Sanción de tráfico. Sentenza firme, estima o recurso. Expte. 5322/111.
- h) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 150/09 P.A. Demandante: D. José A. Romero Comesaña. Obxecto: Sanción de tráfico. Sentenza firme, estima o recurso. Expte. 5326/111.
- i) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2, RC-A Nº 372/09 P.A. Demandante: Dª Elena Sabell Pérez. Obxecto: Sanción de tráfico. Sentenza firme, estima o recurso. Expte. 5453/111.
- l) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 8/09 P.A. Demandante: D. Alejandro F. Lago Candeira. Obxecto: Retirada guindastre. Sentenza firme, estima o recurso. Expte. 5051/111.
- m) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2, RC-A Nº 201/09 P.A. Demandante: D. José C. Santiago Quintela. Obxecto: Orde de execución. Sentenza firme, estima o recurso. Expte. 5251/111.
- n) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 166/09 P.A. Demandante: D. David Alfaya Masso. Obxecto: Sanción de tráfico. Sentenza firme, estima o recurs. Expte. 5359/111.

- ñ) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2, RC-A Nº 214/07 P.A. Demandante: D. Armando Gayar Barreira. Obxecto: Depuración da situación do terreo municipal en Samil. Sentenza nº 249 (desestimatoria). En 2ª Instancia, apelación 4019/08. TSXG, sala do C-A, sección 2ª. Sentenza nº 919. Sentenza estima o recurso e revoga a sentenza apelada. Expte. 3685/111.
- o) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 154/09 P.A. Demandante: D. Miguel Fernández-Pedreira Gonzalo. Obxecto: Sanción de tráfico. Sentenza firme, desestima o recurso. Expte. 5376/111.
- p) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 56/09 P.A. Demandante: D. David Pinacho Lijo. Obxecto: accidente de moto. Este Auto, aínda non firme, inadmite do recurso. Expte. 5137/111.
- q) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 204/09 P.A. Demandante: D. Pablo Fernández Estevez. Obxecto: Sanción de tráfico. Sentenza aínda non firme, inadmite o recurso. Expte. 5408/111.
- r) Sentenza do Xulgado de 1ª Instancia nº 6 (civil) PO nº 894/08. Demandante: CENQUI S.A. Obxecto: expediente de dominio-inmatriculación. Declárase xustificado o dominio da finca descrita, con inmatriculación e inscrición rexistral. Expte. 4941/111.
- s) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2, RC-A Nº 257/09 P.A. Demandante: Dª Loreto Costas Valeije. Obxecto: caída na rúa. Sentenza firme, desestima o recurso. Expte. 5338/111.
- t) Sentenza do TSXG, sala do C-A (sección 3ª) RC-A nº P.O. 03/8068/1998. Demandante: CONCELLO DE CANGAS. Obxecto: Tarifa de augas. Sentenza desestimatoria. 2ª Instancia TS, sala do contencioso-administrativo, sección 4ª. Casación: 4525/2003. Esta sentenza rexeita o recurso de casación. Expte. 5702/111.
- u) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 205/09 P.A. Demandante: D. Pablo Fernández Estevez. Obxecto: Sanción de tráfico. Declara inadmisíbel o recurso. Expte. 5385/111.
- v) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 26/09 P.A. Demandante: Dª María Rosa Rodríguez Fernández. Obxecto: Sanción contaminación acústica. Sentenza firme, desestima o recurso. Expte. 5090/111.
- x) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 151/09 P.A. Demandante: Dª Cristina Martínez Fernández. Obxecto: Sanción de tráfico. Sentenza firme, desestima o recurso. Expte. 5327/111.

y) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 153/09 P.A. Demandante: Dª Mª Carmen de Soto Alvarez. Obxecto: Sanción de tráfico. Sentenza firme, desestima o recurso. Expte. 5328/111.

z) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 40/07 P.O. Demandante: Dª Lisa Fernández Hume. Obxecto: Caida na vía pública. Desestimatoria. 2ª Instancia, TSXG, sala do C-A, sección 2ª. Apelación 4253/08. Esta sentenza rexeita a apelación formulada, confirmando a sentenza desestimatoria de instancia, con custas de oficio. Expte. 3552/111.

aa) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 1, RC-A Nº 90/07 P.A. Demandante: D. Marcial Garcinuño Saez. Obxecto: accidente laboral. Sentenza que estima o recurso e condena á compañía de seguros “La Estrella S.A.”. 2ª Instancia. TSXG, sala do C-A, sección 1ª, sentenza 797. Esta sentenza desestima a apelación da aseguradora. Expte. 3682/111.

ab) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2, RC-A Nº 333/09 P.A. Demandante: D. Jose Antonio Regueira Duran. Obxecto: accidente de moto. Declara o desestimento, por incomparecencia do actor. Expte. 5428/111.

ac) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2, RC-A Nº 289/09 P.A. Demandante: Dª Paula Ojeda Cendón. Obxecto: Sanción de tráfico. Sentenza firme, desestima o recurso. Expte. 5382/111.

ad) Sentenza do X. Contencioso Administrativo nº 2, RC-A Nº 348/09 P.A. Demandante: D. Liberio Sanchez González. Obxecto: Sanción de tráfico. Sentenza firme, desestima o recurso. Expte. 5441/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das precedentes sentenzas e autos.

2(24).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS “BONO-TAXI 2010” E APROBACIÓN DO TEXTO DO CONVENIO. EXPTE. 49566-301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.01.10, o informe de fiscalización do 19.01.10, e de acordo co informe-proposta da técnica responsable do Servizo de persoas maiores e persoas con discapacidade, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, e a concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar mediante a utilización de “bono-taxi” un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas

persoas con discapacidade, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se concluírá polo Concello de Vigo cunha entidade bancaria para xestión das axudas.

3º.- Nomear a entidade Caixa Galicia como entidade bancaria colaboradora na xestión das axudas para o ano 2010.

4º.- Autorizar o gasto de 4.000,00 € con cargo a partida de Benestar Social 3130.2270600 “estudios e traballos técnicos” contra a que se imputarán os gastos de emisión e comisións de tarxetas Visa-prepago que se entregarán aos beneficiarios das subvencións e ordenar o pago mediante libramento a xustificar a Técnica do Departamento responsable do programa Bono-taxi, Mª Jesús Sanromán Varela NIF 36.018668-R, que se ingresará na conta habilitada do Departamento nº 2080 0000 74 0040242619.

Así mesmo, autorizar a ampliación do tempo para xustificar este libramento ata decembro de 2010, dado que a finalidade do mesmo é o abono a entidade colaboradora de emisión e comisións de tarxetas, podendo ser necesario a emisión de novas tarxetas unha vez adxudicadas as subvencións (por extravío, roubo ou deterioro).

5º.- Autorizar o gasto de 72.000,00€ con cargo á partida de Benestar Social 3130.4800011 “Subvencións taxi discapacitados” e ordenar o pago mediante libramento a xustificar á Técnica do departamento de Benestar Social Mª Jesús Sanromán Varela, con NIF 36018668-R, que se ingresará na conta habilitada do departamento de Benestar Social 2080.0000.74.0040242619.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADA A PROPORCIONAR, MEDIANTE A UTILIZACION DE BONO-TAXI, UN MEDIO ALTERNATIVO DE TRANSPORTE ADAPTADO A PERSOAS AFECTADAS POR GRAVES DISCAPACIDADES NA SÚA MOBILIDADE- ANO 2010.

Que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu artigo 25.2 k) expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de prestación dos servizos sociais de reinserción social. Pola súa parte, o artigo 26.1 do mesmo texto legal establece que os municipios de mais de 20.000 habitantes deberán prestar, en todo caso, os servizos sociais.

Que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia sinala como competencias municipais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizo de carácter integrado os que os constitúen na principal instancia do sistema para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.

Que en base as competencias indicadas e co obxecto de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade, o Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en concorrència competitiva, seguindo o procedemento que se indica e no marco xurídico da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

PRIMEIRA.- Obxecto das bases reguladoras e da convocatoria

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convoca-la concesión de axudas do programa denominado “bono-taxi”: que son axudas económicas de carácter individual, que posibilitan un medio de transporte alternativo a aquelas persoas con discapacidade gravemente afectadas na súa mobilidade, e que non poden utilizar con carácter xeral o transporte público colectivo.

SEGUNDA.- Finalidade das subvencións

Constitúen a finalidade das axudas económicas que se convocan, favorecer o desprazamento na cidade, mediante a utilización do servizo público de taxi, a aquelas persoas afectadas de graves dificultades de mobilidade, e que non poden utilizar o transporte público colectivo.

TERCEIRA.- Financiamento

O importe total das subvencións a conceder na presente convocatoria non excederá do límite de 72.000,00 € e financiaranse con cargo á partida 3130.4800011, “Subvención taxis discapacitados” do orzamento de Benestar Social. Tendo en conta o crédito orzamentario do que se dispón, no momento da convocatoria, establécese en 160 o número máximo de beneficiarios, que reunindo as condicións da base sexta poderán percibir a subvención do “bono-taxi”.

CUARTA.- Contía das subvencións

O importe destas axudas non poderá rebasar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada no apartado anterior entre os beneficiarios/as.

A contía máxima por beneficiario será de 450 € dende a concesión da subvención pola XGL, ata o 20 de decembro de 2010.

QUINTA.- Beneficiarios das subvencións

Poderán ser beneficiarios das axudas que se conceden ao amparo da presente convocatoria, as persoas con discapacidade que teñan recoñecida unha minusvalía que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolle a utilización dos transportes públicos colectivos, sempre que non se atopen comprendidas nalgunha das prohibicións para ser beneficiario de subvencións previstas no artigo 10, apartados 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia..

SEXTA.- Requisitos dos solicitantes

Poderán solicitar a subvención destinada a “bono-taxi” as persoas con discapacidade que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar empadroado e residir no municipio de Vigo cunha antigüidade dun ano, anterior á apertura do prazo da convocatoria do ano 2010 e permanecer de alta no padrón municipal mentres se perciba a axuda.

b) Ter catro anos de idade cumpridos antes da finalización do prazo para solicitar as axudas.

c) *Estar afectado de graves dificultades de mobilidade, sen estar imposibilitado totalmente para o desprazamento. Debe ter recoñecida a condición legal de minusválido afectándolle gravemente á súa mobilidade e que non poida utilizar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial de minusvalía, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO) dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia (baremo Real Decreto 1971/1999 A, B, C ou a partir de 7 puntos polos apartados D, E, F, G, H)*

d) *Non ser titular de vehículo automóbil propio adaptado para a conducción.*

e) *Os recursos económicos teranse en conta para establecer a lista de concesión do “bono-taxi”, que será por orde inversa á contía da renda per cápita anual ou mensual da unidade familiar.*

Establecerase unha discriminación positiva cando a unidade familiar estea composta por unha soa persoa, neste caso dividiranse os ingresos entre 1,5.

Recursos económicos computables.

Para o cómputo dos recursos económicos da unidade familiar na que se integra o solicitante, teranse en conta a renda do último exercicio fiscal dos seus membros.

Por renda enténdese a totalidade dos rendementos netos da unidade familiar derivados de:

- *Rendementos do traballo*
- *Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario*
- *Rendementos das actividades empresariais ou profesionais.*

Aos efectos da presente convocatoria entenderase por unidade familiar :

- *A formada polos cónxuxes e os seus descendentes que convivan habitualmente.*
- *Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- *A formada polo posible beneficiario e seus acolletores de feito e de dereito que convivan habitualmente.*
- *A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico, non rompen a convivencia para estes efectos.*

SÉTIMA.- Documentación

As axudas serán solicitadas polas persoas que pretendan ser beneficiarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade .

A solicitude segundo modelo (Anexo I) irá acompañada da seguinte documentación, agás as persoas con discapacidade que foron beneficiarias da tarxeta “bono-taxi” no ano 2009, que soamente achegarán xunto coa solicitude a documentación dos puntos 3º e 4º. A outra documentación achegarase se sufrira algún cambio con respecto a convocatoria do ano anterior:

1. Fotocopia do DNI do solicitante e, no seu caso, DNI do representante legal. E documentación acreditativa da patria potestade ou representante legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).

2. *Fotocopia do certificado oficial de minusvalía expedido polo Equipo de Valoración e Orientación, no que conste que esta afecta gravemente á súa mobilidade e ten dificultade para a utilización do transporte colectivo.*
3. *Declaración responsable (Anexo II) na que se faga constar:*
 - *Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*
 - *Non ser titular de vehículo automóbil propio adaptado para a conducción.*
 - *Utilizar á axuda unicamente para desprazamentos dentro do termino municipal .*
 - *Aceptar ás actuacións de comprobación que acorde a Comisión de Valoración.*
4. *Fotocopia completa correspondente ao último período impositivo do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas dos membros da unidade familiar sometidos a dito imposto ou certificado negativo expedido pola Administración Tributaria.*
5. *Certificado da/as pensión/s ou prestacións percibidas no ano da solicitude.*
6. *O departamento Poderá solicitarse calquera outra documentación que se considere convinte na instrucción do procedemento.*

OITAVA.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes deberán formularse mediante instancia asinada pola persoa solicitante ou representante legal que deberá axustarse ao modelo normalizado que acompaña á presente convocatoria.

O prazo de presentación das solicitudes será de 30 días naturais contados a partir do seguinte día hábil ao da publicación da convocatoria no BOP. Así mesmo publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, nas Unidades Básicas de Acción Social (UBAS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org.

As solicitudes acompañaranse da documentación a que fai referencia a base sétima desta convocatoria.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase á persoa solicitante que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistida a súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 71.1 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A solicitude implicará a autorización ao Concello de Vigo para que realice as actuacións de comprobación que resulten procedentes, aos efectos de verificar a información facilitada polas persoas solicitantes, a concorrencia dos requisitos esixidos e o cumprimento das obrigas da persoa beneficiaria derivadas da concesión.

As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos previstos no artigo 38 da Lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

NOVENA.- Instrución e resolución das subvencións

O órgano competente para a instrución do procedemento das axudas será o servizo de “Persoas Maiores e Persoas con Discapacidade” do Departamento de Benestar Social, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

A proposta de resolución para a concesión das subvencións corresponderá a comisión da valoración formada polo Xefe de Área de Benestar Social e a Técnica responsable do programa “bono-taxi”, ou persoas en quen deleguen.

A Xunta de Goberno Local, por proposta da Comisión de valoración, acordará conceder ou desestimar as subvencións con cargo á partida e polo importe máximo sinalado na base terceira da convocatoria.

DÉCIMA.- Prazo de resolución e de notificación

A Xunta de Goberno Local resolverá, de xeito motivado, a concesión ou desestimación das axudas solicitadas no prazo de catro meses, que contará desde a data de terminación do prazo de presentación das solicitudes.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución do procedemento notificaráselles aos interesados conforme o previsto no art. 24 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DECIMOPRIMEIRA.- Compatibilidade da actividade subvencionada

A subvención desta convocatoria, será compatible coa percepción doutras subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entidade.

DECIMOSEGUNDA.- Pagos

1. Pago ao beneficiario da subvención.

Esta subvención concrétese na concesión dunha axuda económica que será utilizada polas persoas beneficiarias nos seus desprazamentos persoais, facendo uso do servizo público de taxi dende o momento da concesión pola Xunta de Goberno Local, ata o 20 de decembro de 2010.

Os pagos serán aboados a través dunha Tarxeta Prepago que se entregará a cada beneficiario da subvención, segundo o convenio coa entidade colaboradora anexo as presentes bases.

A axuda concedida cargaráselle na tarxeta a cada beneficiario dunha soa vez.

2. Pago á entidade colaboradora e seguemento das axudas.-

O pago realizaráse mediante única transferencia que se realizará dende a conta habilitada 2080-0000-74-0040242619 do Departamento á conta que se abrirá na entidade bancaria coa que se conveña a colaboración para a xestión desta axuda, que se denominará “Bono Taxi – Concello de Vigo”.

A xustificación do ingreso na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

O Departamento de Benestar Social recibira da entidade colaboradora, con carácter trimestral, a a relación de cargos de uso de cada tarxeta .

3. Xustificación da subvención por parte da entidade colaboradora.-

A 21 de decembro de 2010 a entidade colaboradora emitirá a relación de todos os cargos das tarxetas durante a súa vixencia ,na que se faga constar que a subvención foi utilizada no sector de actividade da categoría comercial “Taxis”.

Se ao final do ano a relación de cargos das tarxetas fose por un importe inferior á transferencia realizada anteriormente á entidade colaboradora, as cantidades sobrantes serán reintegradas á conta xeral do Concello nº 2080 0000 71 0040070137.

DECIMOTERCEIRA.- Normas xerais de utilización

a) Os servizos de taxi serán persoais, tendo como finalidade favorecer os desprazamentos mediante a utilización dos taxis públicos de Vigo.

b) Cada beneficiario, contará cunha Tarxeta Prepago, na que se estamparán o seu nome e apelidos. sen custo algún para o beneficiario.

c) O importe máximo da subvención, 450 €, cargaranse na Tarxeta Prepago no momento da concesión e iranse descontando os importes dos servizos realizados ata a finalización da cantidade concedida ou do prazo establecido.

d) A titularidade de cada tarxeta emitida recaerá no Concello de Vigo, Departamento de Benestar Social. O Concello de Vigo cederá os datos de nome, apelidos e teléfono móbil, previa autorización do beneficiario (L.O.P.D) para realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión desta Tarxeta Prepago, incluíndo o envío ao número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informándo do PIN asociado á Tarxeta Prepago e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela.

e) Xunto coa tarxeta presentarase o DNI no momento de facer o pago do servizo de “bono-taxi”.

f) A Tarxeta Prepago para “bono-taxi” estará operativa ata o 20 de decembro de 2010 (día 21 inoperativa)

g) A tarxeta entregarase inactiva procedendo a entidade bancaria colaboradora ao seu activamento ás 72 horas dende a súa entrega.

h) Unha vez activada a tarxeta, será notificado pola entidade bancaria colaboradora mediante sms ao móbil do beneficiario, sempre que este dispoña de un e o teña comunicado na solicitude.

i) O número secreto de PIN comunicaráselle ao beneficiario da axuda a través de sms ao seu móbil. No caso de non ter móbil, podería solicitalo en calquera oficina da entidade bancaria colaboradora amosando a tarxeta e verificando a súa identidade.

j) Cada beneficiario/a poderá coñecer o saldo dispoñible da tarxeta a través da entidade bancaria colaboradora. Para elo, será necesario dispor do PIN da tarxeta que poderá ser modificado nos caixeiros da entidade, por un que lembre mellor .

k) No caso de extravío, sustracción ou deterioro da tarxeta, o beneficiario da mesma deberá comunicalo no teléfono que lle será facilitado no momento da entrega da tarxeta prepago.

l) O uso indebido ou fraudulento da axuda poderá dar lugar, previa instrución do procedemento administrativo correspondente, á perda do dereito ao seu goce.

m) Poderá utilizarse calquera taxi da cidade sempre que o taxista acepte pagos con tarxeta prepago facilitada e dispoña de conexión on-line cunha entidade financeira.

n) Calquera anomalía que se observe na prestación do servizo será posta en coñecemento do Concello de Vigo.

o) A operatividade da tarxeta restrinxirase ao uso do sector de actividade da categoría comercial “Taxis”; de esta forma garántese que o beneficiario da tarxeta soamente poderá utilizala no servizo público de taxis de Vigo.

DECIMOCUARTA.- Rexime de recursos.

Contra a presente convocatoria, as súas bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderán interporse, potestativamente, os seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano municipal autor do acto administrativo no prazo dun mes a partir do día seguinte da notificación ou, no seu caso, publicación do acto que se recorra.*
- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso Administrativo no prazo de dous meses. Este prazo computarase a partir do día seguinte ao da notificación do acto que se recorra.*

DECIMOQUINTA.- Tratamento de datos persoais.

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a concellería de Benestar Social.

Os solicitantes das axudas serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco pola concellería de Benestar Social do tratamento dos seus datos persoais pola devandita concellería, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

As persoas con discapacidade as que se lle conceda a subvención asinarán o Anexo III – Cesión de datos de carácter persoal para a entidade colaboradora, a cal emitirá as tarxetas para facer uso do bono-taxi.

DECIMO SEXTA.- Norma final.

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto no convenio, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2009; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE COLABORADORA E O CONCELLO DE VIGO

Na cidade de Vigo, o _____ de marzo de 2010

REUNIDOS

Dunha parte,..... maior de idade, provisto de N.I.F.,..... , con domicilio para estes efectos en Praza do Rei, s/n, Vigo, 36202

Doutra parte, D. _____ , maior de idade, con domicilio para estes efectos , e provisto de N.I.F. núm. _____

INTERVEÑEN

O primeiro en nome e representación do CONCELLO DE VIGO (en adiante Concello), con C.I.F. con domicilio social en en calidade de...

O segundo en nome e representación da entidade bancaria colaboradora, con C.I.F. número _____ , con domicilio social _____ , na súa calidade de _____

MANIFESTAN

I.- Que o CONCELLO DE VIGO desexa dispoñer dun medio de pago para ser entregado a aqueles beneficiarios da axuda social Bono-Taxi, subvención de transporte destinada a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade. En concreto, desexa a emisión dunha tarxeta prepago, que teña as características que se indican no presente documento.

II.- Que entidade bancaria colaboradora conta cunha gran experiencia en medios de pago en xeral, dispón dos sistemas necesarios para a súa xestión e desexa colaborar co CONCELLO DE VIGO no desenvolvemento deste proxecto.

III.- Que, en virtude do que antecede, considerando as competencias de ambas as partes así como o propósito exposto, acórdase subscribir o presente Convenio conforme ao indicado nas seguintes

CLÁUSULAS

1.- OBXECTO DA COLABORACIÓN

O obxecto do presente convenio consiste na emisión, por parte da entidade colaboradora, dunha tarxeta prepago da marca VISA (en adiante a/s TARXETA/S) en favor das persoas físicas que indique en cada momento o CONCELLO DE VIGO, para a súa utilización exclusivamente, no sector da actividade indicado na cláusula segunda.

Esta “Tarxeta Visa Prepago” da entidade colaboradora, vincularase, por parte do CONCELLO DE VIGO, á xestión da axuda “Bono – Taxi” polo referido Concello.

A entidade colaboradora, está suxeita ás prescricións establecidas para esta entidade na lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 9/2007 de Subvencións de Galicia.

2.- DA TARXETA

A entidade bancaria colaboradora emitirá, a favor das persoas físicas que lle solicite en cada momento o CONCELLO DE VIGO, unha tarxeta prepago (en adiante, “a/s TARXETA/S”).

A TARXETA emitida pola entidade bancaria colaboradora ao abeiro deste Convenio terá as seguintes características:

- Será unha TARXETA.
- Emitirase con data de caducidade “decembro de 2010” non sendo renovable ao seu vencemento.
- A TARXETA terá as comisións acordadas no presente documento.
- O CONCELLO DE VIGO deberá asinar previamente o contrato referido ao tipo de TARXETA.
- A TARXETA poderase utilizar unicamente no Sector de Actividade de Categorías Comerciais 4121 “Taxis” non admitíndose a operatoria en calquera outro establecemento.
- A TARXETA tampouco poderá ser utilizada en caixeiros automáticos, nin será posible a retirada de efectivo en oficinas.

3.- DESEÑO DA TARXETA

O deseño da TARXETA que emitirá (entidade bancaria colaboradora) realizarase de común acordo polas partes, aceptando o CONCELLO DE VIGO as normas que para este tipo de tarxetas teñan establecidas tanto (entidade bancaria colaboradora) como as Redes e Organizacións internacionais de tarxetas, axustándose aos estándares das tarxetas financeiras magnéticas en canto a dimensións, materiais, localización e características da banda magnética, e outros condicionantes relativos a elas, co seguinte detalle:

- **Anverso da TARXETA:** O CONCELLO DE VIGO disporá do anverso da tarxeta (agás a esquina superior dereita) para situar o seu logotipo, coa cor e deseño que decida e debidamente rexistrado na Oficina Española de Patentes e Marcas, previamente suxeito a aprobación e homologación por parte das Redes e Organizacións de tarxetas magnéticas. A entidade bancaria colaboradora disporá da esquina superior dereita do anverso da TARXETA, que destinará a situar aquelas marcas ou identificadores que estime convenientes ou sexan obrigatorias para identificar, dotar de servizos complementarios ou facilitar as operacións financeiras da TARXETA. No anverso gravarase ademais, a seguinte información: número da TARXETA, nome e apelidos do seu usuario (máximo 25 caracteres) e data de caducidade.
- **Reverso da TARXETA:** conterá, coa distribución que a entidade bancaria colaboradora estime máis axeitada para optimizar o espazo e cumprir cos estándares actuais, a seguinte información: banda magnética e os códigos ou claves identificadoras que en cada caso procedan.

(Entidade bancaria colaboradora) e o CONCELLO DE VIGO poderán establecer de común acordo unha denominación específica para a TARXETA, inserindo esta denominación nela.

A entidade bancaria colaboradora responsabilizarase da emisión física, estampación, gravación e en xeral de todos os procesos necesarios para a xestión das TARXETAS, que terán as características detalladas precedentemente.

4.- PROCEDEMENTOS OPERATIVOS

4.1. *Contratación da TARXETA.* A contratación dunha tarxeta prepago por parte do CONCELLO DE VIGO supón a apertura dunha conta prepago, inaccesible agás a través da tarxeta e que unicamente serve para recibir os ingresos que se desexe aplicar á tarxeta e atender os cargos correspondentes ás operacións realizadas polo usuario.

Só se poderán realizar operacións coa tarxeta se previamente se ingresou nela un importe igual ou superior ao da operación.

Indícase a seguir o proceso de contratación:

- O CONCELLO DE VIGO abrirá na entidade bancaria colaboradora unha conta corrente, en adiante, “conta base”, que se utilizará como instrumento para o pago dos ingresos nas tarxetas e das comisións previamente establecidas.
- Por cada unha das tarxetas que solicite o CONCELLO DE VIGO, a entidade bancaria colaboradora crea unha conta na súa aplicación de medios de pago á que se asignará un número de identificación de partícipe. O CONCELLO DE VIGO deberá indicar o nome que desexa que figure en cada unha destas tarxetas. Polo tanto, manteranse tantas “contas de tarxeta” como usuarios comunique o CONCELLO DE VIGO a entidade bancaria colaboradora.
- Durante o proceso de alta da tarxeta a entidade bancaria colaboradora comprobará que o nome indicado polo CONCELLO DE VIGO non figura na listaxe oficial de persoas relacionadas co branqueo de capitais e o financiamento de actividades terroristas. En caso de coincidencia coa listaxe non se dará de alta a tarxeta e devolverase un código de erro no proceso da alta.

4.2. *Titularidade das tarxetas e da conta base.* O CONCELLO DE VIGO será titular da conta base e de todas e cada unha das tarxetas prepago que se contraten ao abeiro deste Convenio.

As contas da tarxeta prepago son completamente independentes entre si e a súa relación coa conta base límitase a que esta será a orixe dos fondos ingresados en cada unha das contas da tarxeta.

4.3. *Alta de tarxetas.* O CONCELLO DE VIGO solicitará á entidade bancaria colaboradora a emisión de cada unha das tarxetas, indicando o nome que desexa que figure nela e o importe (catrocentos cincuenta euros) que desexa ingresar en cada unha. A entidade bancaria colaboradora, previo cargo na conta do CONCELLO DE VIGO do importe do ingreso e das comisións que correspondan conforme se indica no punto 4.9 desta mesma cláusula, dará de alta a tarxeta nos seus sistemas e procederá á súa estampación e envío ao enderezo indicado a continuación, e que será o mesmo para todas as tarxetas, nun prazo de 5 días laborais. As tarxetas enviaranse indicando a clave numérica (número de identificación) que corresponde a cada unha. Igualmente comunicarse ao CONCELLO DE VIGO a través dun ficheiro esta clave numérica que permitirá identificar de forma única cada tarxeta. Será responsabilidade do CONCELLO DE VIGO a entrega da tarxeta ao seu usuario final así como as súas instrucións de uso.

O enderezo de envío das tarxetas será o seguinte: (a determinar polo CONCELLO DE VIGO).

A entidade bancaria colaboradora non destruírá os nomes despois da emisión das tarxetas xa que impediría emitir duplicados da tarxeta cando se soliciten ou localizar unha tarxeta en caso de perda

ou roubo. En ningún caso eses nomes se utilizarán para ningún outro uso, de feito, unicamente se incorporan como o literal a estampar na tarxeta.

4.4. *Activación da tarxeta e envío de PIN.* As tarxetas emitiranse inactivas, polo que non poderán operar ata que se realice a súa activación. Esta activación realizarase unha vez que o CONCELLO DE VIGO notifique a través de ficheiro a entidade bancaria colaboradora que tarxetas se entregaron aos correspondentes usuarios informando á entidade bancaria colaboradora do número de identificación de cada unha desas tarxetas. Opcionalmente poderá indicar tamén, para cada tarxeta, un número de teléfono móbil ao que desexa informar da activación e enviar o PIN da tarxeta. Recibida esta información, a entidade bancaria colaboradora procederá á activación da tarxeta/s comunicando aos usuarios esta activación e o seu número secreto PIN a través de sms. O texto da SMS sería: “ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA informa: a súa tarxeta Bono-Taxi do Concello de Vigo está activa. O seu número PIN é XXXX. Dispón dun saldo de 450€”.

Naqueles casos nos que o CONCELLO DE VIGO non comunicase a entidade bancaria colaboradora un número móbil, a activación poderase realizar en calquera oficina da entidade bancaria colaboradora. Nese mesmo momento procederase á entrega do PIN.

4.5. *Ingresos en tarxetas.* No caso de que o CONCELLO DE VIGO desexase realizar ingresos adicionais, ademais do ingreso inicial por importe de 450 euros sinalado con anterioridade, podería facelo previa comunicación á entidade bancaria colaboradora mediante un ficheiro. Para cada ingreso especificarase a tarxeta, identificada mediante a clave (número de identificación) facilitada no momento da alta da tarxeta, a cantidade a ingresar e, opcionalmente, o número de teléfono móbil ao que se enviará unha mensaxe de confirmación tras a recarga.

A entidade bancaria colaboradora, previo cargo na conta do CONCELLO DE VIGO que se acorde do importe do ingreso e das comisións correspondentes, ingresará no prazo máximo dunha semana, a cantidade especificada na tarxeta correspondente. Enviarase ao número de móbil facilitado polo CONCELLO DE VIGO unha SMS co texto: “(ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA) informa: ingresóuselle un importe de€ na súa tarxeta bono-taxi”.

Este será o único mecanismo para realizar ingresos nestas tarxetas, non admitindo que o propio usuario final da tarxeta ingrese fondos pola súa conta.

4.6. *Consultas.* Os usuarios finais das tarxetas poderán en todo momento coñecer o saldo e últimos movementos delas a través de calquera caixeiro automático, debendo dispoñer para iso do PIN da tarxeta.

4.7. *Saldos abandonados.* Se ao chegar a data de caducidade dunha tarxeta, esta dispón de saldo ao seu favor, estes fondos traspasaranse dende a conta da tarxeta caducada á conta base do CONCELLO DE VIGO.

4.8. *Tarxetas deterioradas, perdidas ou roubadas.* A solicitude de bloqueo dunha tarxeta deteriorada, perdida ou roubada poderaa solicitar o usuario chamando ao teléfono, liña aberta as 24 horas e 365 días ao ano que a entidade bancaria colaboradora pon a disposición dos beneficiarios da axuda social, ou nunha oficina da mesma entidade colaboradora. Para poder atender estas peticións, é imprescindible conservar o nome estampado na tarxeta.

A emisión de duplicados de tarxetas perdidas ou roubadas ou deterioradas e a xeración do número secreto tras esquecemento non ten ningún cargo para o propio usuario, só poderá ser solicitado polo CONCELLO DE VIGO identificando claramente a clave da tarxeta orixinal, procedéndose do mesmo xeito que nas altas de novas tarxetas, coa diferenza de que non se realizará ingreso na tarxeta pero sí un cargo da comisión de duplicado que se estableza.

4.9. Tarifas. Establécense as seguintes comisións, polos conceptos igualmente indicados a continuación:

Comisión de alta ou duplicado de tarxetas: 12 euros por cada tarxeta.

Comisión de servizo e carga de tarxeta.

Polo envío de SMS ao número de móbil do usuario indicado para cada Tarxeta polo CONCELLO DE VIGO facilitando o seu PIN e confirmando o Saldo Ingresado: Comisión do 3% do importe correspondente á carga da tarxeta cun mínimo de 0,75 euros por cada operación.

O duplicado dunha tarxeta estará suxeito á mesma comisión que a súa alta orixinal sempre que sexa por roubo, extravío ou deterioro da mesma.

Todas estas comisións aplicaríanse na conta base, titularidade do CONCELLO DE VIGO, que este mantén na entidade bancaria colaboradora.

O Departamento de Benestar Social recibirá da entidade colaboradora, con carácter trimestral, unha relación de cargo por comisións e outros gastos de cada un dos beneficiarios. A 21 de decembro de 2010 tamén remitirá a relación de tódolos cargos que por estes conceptos se teñan efectuados.

4.10. Xustificantes. O Departamento de Benestar Social recibirá da entidade colaboradora, con carácter trimestral, a relación de cargo de uso de cada tarxeta. A 21 de decembro de 2010 tamén emitirá a relación de tódolos cargos das tarxetas durante a súa vixencia, na que se fará constar que a subvención foi utilizada para o programa “Bono – Taxi”.

5.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Cada unha das partes cumprirá estritamente todas as obrigas e deberes que, con arranxo ao establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en adiante, “LOPD”), no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aprobou o Regulamento da LOPD, e nas demais disposicións normativas aplicables en materia de protección de datos de carácter persoal, que respectivamente lles incumban en relación cos datos concernentes a persoas físicas que sexan recollidos e/ou tratados no eido do presente Convenio.

Conforme co estipulado no parágrafo precedente da presente cláusula, e respecto aos datos concernentes a persoas físicas que comunique á entidade bancaria colaboradora no eido do presente Convenio, o CONCELLO DE VIGO garante de forma expresa:

a) Que os únicos datos de carácter persoal que o CONCELLO DE VIGO comunicará á entidade bancaria colaboradora serán os de nome, apelidos e número de teléfono móbil de cada unha das persoas a favor da cal solicite a emisión da TARXETA.

b) Que o CONCELLO DE VIGO unicamente efectuará esta comunicación de datos de carácter persoal á entidade bancaria colaboradora mediando a previa, expresa e inequívoca autorización para iso de cada unha das persoas titulares de tales datos, autorización que, polo tanto, o CONCELLO DE VIGO se compromete e obriga a conseguir e obter en todo caso, nos termos previstos na LOPD e no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aprobou o seu Regulamento de desenvolvemento.

c) Que a mencionada autorización para a comunicación dos datos á entidade bancaria colaboradora constará por escrito e recollerá, ademais da data na que se outorgue e a sinatura da persoa que a conceda, unha declaración desta última axustada ao modelo que se indica a continuación:

“Eu, Don/Dona [nome e apelidos da persoa que concede a autorización], con D.N.I. número, quedo informado/a de que, por virtude do Convenio de Colaboración suscrito entre o CONCELLO DE VIGO e (ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA), esta última é a entidade financeira emisora das Tarxetas Prepago das que o CONCELLO DE VIGO dispón e ofrece no eido de axuda social ao discapacitado. En consecuencia, consinto que os datos do meu nome, apelidos e número de teléfono móbil sexan comunicados polo CONCELLO DE VIGO a (ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA) coa finalidade de que esta última poida tratalos e utilizalos para emitir ao meu favor, estampar e gravar a correspondente Tarxeta Prepago da marca VISA --Tarxeta Prepago cunha titularidade que corresponderá, para todos os efectos, ao CONCELLO DE VIGO --, así como para a realización das operacións e procesos relativos á activación e xestión desta Tarxeta Prepago, incluíndo o envío ao meu número de teléfono móbil dunha mensaxe SMS informándome do PIN asociado á Tarxeta Prepago e do saldo inicial dispoñible con cargo a ela, así como doutras mensaxes SMS informándome das recargas que, no seu caso, o CONCELLO DE VIGO efectúe na Tarxeta Prepago citada, todo iso conforme co estipulado no Convenio de Colaboración suscrito entre o CONCELLO DE VIGO e (ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA), anteriormente mencionado. Quedo así mesmo informado de que, en relación cos meus datos de carácter persoal comunicados polo CONCELLO DE VIGO a (ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA), poderei exercitar, nos termos previstos na lexislación vixente, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndome por escrito ao Servizo de Atención ao Cliente de (ENTIDADE BANCARIA COLABORADORA), no seguinte enderezo: .”

d) Que as autorizacións obtidas polo CONCELLO DE VIGO segundo o precedentemente estipulado, serán debidamente arquivadas e custodiadas polo CONCELLO DE VIGO e encontraranse en todo momento a disposición da Entidade bancaria colaboradora.

Pola súa parte, a entidade bancaria colaboradora expresamente garante respecto dos datos de carácter persoal que lle comunique o CONCELLO DE VIGO no eido do presente Convenio, que tratará e utilizará estes datos con arranxo ao establecido na LOPD e no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, que non os comunicará a terceiros, que aplicará respecto deles as medidas de índole técnica e organizativas que garantan a seguridade de tales datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados, e que os utilizará unicamente e exclusivamente para os efectos previstos no modelo de autorización que figura na anterior alínea c) da presente Cláusula. En consecuencia, o tratamento e/ou a utilización pola entidade bancaria colaboradora dos referidos datos para calquera finalidade distinta das expresadas requirirá do previo e inequívoco

consentimento dos titulares dos datos, nos termos establecidos na LOPD e no Real Decreto 1720/2007.

O CONCELLO DE VIGO responderá e manterá indemne á entidade bancaria colaboradora de cantos danos e prexuízos, incluídos os derivados de calquera multa, sanción e indemnización, que puidesen irrogarse á Entidade bancaria colaboradora a causa do incumprimento polo CONCELLO DE VIGO das obrigas e deberes que lle incumben con arranxo ao establecido na presente cláusula. Do mesmo xeito, a entidade bancaria colaboradora responderá e manterá indemne ao CONCELLO DE VIGO de cantos danos e prexuízos, incluídos os derivados de calquera multa, sanción e indemnización, que puidesen irrogarse ao CONCELLO DE VIGO por causa do incumprimento pola entidade bancaria colaboradora das obrigas e deberes que lle incumben con arranxo ao que na presente cláusula se establece.

6.- EXCLUSIVIDADE

Durante a vixencia do presente Convenio, a área de Servizos Sociais do CONCELLO DE VIGO comprométese a non formalizar un acordo similar ao presente, para a emisión de tarxetas ou outros medios de pago, con outras entidades financeiras para o mesmo fin.

7.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

O incumprimento por algunha das partes dos compromisos adquiridos no presente Convenio, facultará á outra parte para resolvelo anticipadamente e para esixir a indemnización que, no seu caso, lle poida corresponder polos danos e prexuízos que puidesen terse ocasionado.

8.- VIXENCIA

O presente Convenio terá unha duración inicial DUN (1) ano a contar dende o momento da súa sinatura.

3(25).- DEVOLVER A “PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES S.A.” A FIANZA DE 6.399,76 €, CONSTITUÍDA PARA RESPONDER DA SUBSTITUCIÓN DE CUBERTAS DAS NAVES DO PARQUE CENTRAL DE SERVIZOS. EXPTE. 3052/421.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 21.12.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Planificiación, Desarrollo y Gestión de Construcciones S.A. a fianza de 6.399,76 € constituída para responder da substitución de cubertas das naves do Parque Central de Servizos xa que foron executados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

4(26).- ASISTENCIA DA TÉCNICA DE XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE CULTURA Á FEIRA EUROPEA DE TEATRO PARA NENOS E NENAS FETEN 2010 EN COMISIÓN DE SERVIZO. EXPTE. 12020/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 12.01.10, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia de Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 á Feira Europea de Teatro para nenos e nenas Feten 2010 que terá lugar en Gijón entre os días 21 e 26 de febreiro de 2010.

2º.- Autorizar os seguintes gastos: 723,59 € por 7 dietas enteiras, con cargo á partida 4510.230.01.00 “dietas de personal” e 400 € de viaxe (billetes de avión e desprazamentos por Gijón), con cargo á partida 4510.231.00.00 “gastos de locomoción”.

3º.- Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, DNI 36138380-K, a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

5(27).- AUTORIZACIÓN DE GASTO EN CONCEPTO DE DEREITOS DE AUTOR DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE CULTURA, A FAVOR DA SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES. EXPTE. 12021/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da Programación, do 13.01.10, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar un gasto por un importe de 30.000,00 € (IVE incluído), con cargo á partida orzamentaria 4510.226.08.03 (programa de música, teatro e danza), do programa de Cultura para o vixente exercicio económico, en concepto de dereitos de autor derivados da programación do departamento de Cultura, a favor de SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES, CIF: G28029643.

6(28).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DAS OBRAS E DE COORDINACIÓN DE SAÚDE DE TRANSFORMACIÓN DA VIVENDA DE PORTEIRO-VIXILANTE NO CEIP “ESCUADOR ACUÑA” EN COMEDOR ESCOLAR. EXPTE. 11341/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 15.01.10, conformado pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Designar como Directores das obras de “Transformación da vivenda do conserxe do CEIP Escultor Acuña en Comedor Escolar “(ref. Expte. 11071/332) aos arquitectos municipais adscritos á Oficina de Obras Municipais D. Juan Luis Piñeiro e D. David Carvajal.

2º.- Designar como aparelador das obras a D. Miguel Ángel Carrera, adscrito ao Servizo Municipal de Educación.

3º.- Designar como Coordinador de Seguridade e Saúde da Obra ao arquitecto municipal adscrito á Oficina de Obras Municipais D. David Carvajal

7(29).- ACEPTACIÓN DE RENUNCIA, PRESENTADA POLA A. FEMINISTAS INDEPENDENTES GALEGAS, Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN DE AXUDA APROBADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 05.10.2009, PARA O PROXECTO “DIMENSIÓNS VISUAIS E PERFORMATIVAS DA ESCRITA POÉTICA”. EXPTE. 4285/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 13.01.10, conformado pola concelleira de Igualdade, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de outubro de 2009 aprobou a concesión de subvencións para os programas, proxectos e actividades desenvolvidos no ano 2009 dentro do “Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas de promoción da muller”.

Á “A. Feministas Independentes Galegas” se lle concedeu, entre outras, unha axuda por importe de 1.374,37€ destinada a financiar o proxecto “Dimensións visuais e performativas da escrita poética”.

Con data de entrada no Rexistro Xeral de 18 de decembro de 2009 a devandita entidade comunica a este órgano xestor a imposibilidade de executar o proxecto presentado no seu día á convocatoria de subvencións específicas da concellería de igualdade e solicita se acepte a solicitude de renuncia desta axuda concedida.

Unha vez estudiada e valorada a solicitude de renuncia e en virtude do establecido nas Bases da convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno Local de 11 de maio de 2009,

Propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Aceptar a renuncia, presentada pola A. Feministas Independentes Galegas, con CIF G36688125, á concesión de subvención de axuda aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 5 de outubro de 2009 para o proxecto “Dimensións visuais e performativas da escrita poética”, por importe de 1.374,37€.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(30).- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN, DE DATA 8.01.2010, DITADA POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE, SEGURIDADE E TRANSPORTES, REFERENTE Á REGULACIÓN DA CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NO CASCO VELLO ALTO DE VIGO. EXPTE. 77287/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.01.10, que di o seguinte:

FEITOS:

O Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, en virtude de delegación de competencias, efectuada por Decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, con data 8 de xaneiro de 2010, dictou a seguinte Resolución:

“... O Excmo. Concello de Vigo ten a clara vontade de preservar as zonas monumentais, concretamente as ruínas do Castelo de San Sebastián do século XVII e mailo seu entorno, da presenza de vehículos e recuperar os espazos públicos para uso preferente dos peóns, garantindo a seguridade dos residentes e visitantes e melloral a oferta turística, comercial e cultural da zona.

O proxecto de restricción de acceso de vehículos ao centro histórico, establecendo zonas limpas, mediante o control e vixilancia das zonas peonís con bolardos mobis e cámaras de videovixilancia, suporá a reordenación do tráfico, a peatonalización de varias rúas e mailo deseño dun protocolo de acceso para os veciños. O sistema constará dunha serie de pilonas retractis automáticas e fixas que se complementa cun sistema centralizado de xestión que permite atender aos usuarios as 24 horas do día.

O art. 7.a) do R.D. Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aprobou o texto articulado da lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, en concordancia co art. 25.2.b) da LRBRL 7/1985, de 2 de abril, atribúe aos municipios a competencia para a ordenación e control de tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan en ditas vías e maila sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración.

No exercicio das atribucións que ostento en materia de mobilidade, seguridade e transportes por delegación da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, dicto o seguinte DECRETO

I).- Ámbito territorial de aplicación

O ámbito territorial de aplicación deste Decreto esténdese ás rúas do chamado Casco Histórico Vello Alto, que comprende as rúas Abelaira Menéndez, Cruz Verde, Ferrería, San Sebastián, Subida ao Castelo, Herba, Praza de Arguelles e a rúa de Santiago.

II).- Normas xerais

No ámbito delimitado observaranse, entre outras, as seguintes normas:

- Prohíbese o estacionamento de vehículos, agás residentes que tan só poderán estacionar por tempo non superior a cinco minutos.*
- Prohíbese a entrada a vehículos destinados ao transporte de mercadorías cuxa masa autorizada supere as 3,5 toneladas (sinal R-107), agás autorización especial expedida pola concellería de mobilidade.*

- A velocidade máxima dos vehículos será de 20 Km/h.
- Os conductores deben conceder prioridade aos peóns e os peóns poden utilizar toda a zona de circulación.

III).- Libre circulación

Permítese a todos os vehículos, agás os destinados ao transporte de mercadorías cuxa masa autorizada supere as 3,5 toneladas, circular en sentido ascendente pola rúa Abelaira Menéndez en dirección ao Paseo de Granada.

IV).- Prohibición de circulación

Prohíbese a circulación de toda clase de vehículos, agás residentes do Casco Vello Alto que contén con autorización municipal e máis os indicados nos apartados IX, XII, XIII, XIV e XV, polas seguintes rúas: Cruz Verde, Ferrería, San Sebastián, Subida ao Castelo, Herba, Praza de Arguelles e a rúa de Santiago.

V).- Circulación de residentes

Os residentes do Casco Vello Alto para poder circular con seus vehículos polas rúas Cruz Verde, Ferrería, San Sebastián, Subida ao Castelo, Herba, Praza de Arguelles e a rúa de Santiago, deberán obter autorización municipal (distintivo e máis tarxeta magnética intelixente), previa solicitude do interesado nas oficinas administrativas da Policía Local, achegando a documentación que se indica nos apartados seguintes.

A autorización de acceso da dereito a entrar e circular na zona afectada polo sistema de control e tamén a estacionar o vehículo por tempo non superior a cinco minutos.

Terán condición de residentes as persoas físicas que teñan o seu domicilio (conforme ao padrón municipal) na zona delimitada. Establécense tres tipos de residentes en función do xeito de tenencia do vehículo:

- 1.- Residente con vehículo en propiedade.
- 2.- Residente con vehículo en réxime de arrendamento financeiro (leasing ou renting).
- 3.- Residente usuario de vehículo de empresa, coa que mantén relación laboral contractual.

VI).- Residente con vehículo en propiedade

O residente con vehículo en propiedade, para obter autorización municipal, deberá achegala seguinte documentación coa súa solicitude:

- 1.- Certificado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen o Casco Vello Alto.
- 2.- Copia compulsada do DNI e para os estranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.
- 3.- Copia compulsada do permiso ou licenza de condución do interesado e máis do permiso ou licenza de circulación do vehículo para o que se solicita autorización. O nome e domicilio do titular do vehículo que conste no permiso ou licenza de circulación do vehículo deberá coincidir co que figure no certificado de empadramento.

4.- *Copia compulsada da tarxeta de inspección técnica do vehículo e máis do recibo do pagamento do seguro de suscripción obrigatoria que acredite a súa vixencia.*

5.- *Documento que acredite que o vehículo está dado de alta no padrón do imposto municipal de vehículos de tracción mecánica do Concello de Vigo, e ao corrente do seu pagamento.*

VII).- Residente en réxime de arrendamento financeiro (leasing ou renting)

O residente con vehículo en réxime de arrendamento financeiro, para obter autorización municipal, non pode dispoñer de vehículo en propiedade, e deberá achegala seguinte documentación coa súa solicitude:

1.- *Certificado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen o Casco Vello Alto.*

2.- *Copia compulsada do DNI e para os exrtranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.*

3.- *Copia compulsada do permiso ou licenza de condución do interesado.*

4.- *Copia compulsada do contrato de leasing ou renting.*

5.- *Copia compulsada da póliza do seguro do vehículo debendo constar o interesado como condutor habitual e mais xustificante do pagamento da prima do periodo do seguro en curso.*

VIII).- Residente usuario de vehículo de empresa, coa que mantén relación laboral contractual

O residente que dispoña dun vehículo cedido pola súa empresa, para obter autorización municipal, non pode dispoñer de vehículo en propiedade, e deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

1.- *Certificado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen o Casco Vello Alto.*

2.- *Copia compulsada do DNI e para os estranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.*

3.- *Copia compulsada do permiso ou licenza de condución do interesado.*

4.- *Documento estendido pola empresa no que se acredite que o solicitante é o único e exclusivo usuario do vehículo, que está autorizado para dispoñer do mesmo fora da súa xornada laboral, e que o uso do vehículo tributa como retribución en especie a efectos da declaración da renda das persoas físicas.*

5.- *Copia compulsada da póliza do seguro do vehículo debendo constar o interesado como condutor habitual e mais xustificante do pagamento da prima do periodo do seguro en curso.*

IX).- Usuarios de garaxes

Os usuarios de garaxes, sitos na zona delimitada, para obter autorización municipal deberán achegar xunto coa súa solicitude documento que acredite ser propietario ou arrendatario dunha praza de garaxe sita na zona delimitada.

Asemade, deberán achegar a documentación enumerada nos apartados precedentes en función do réxime de tenencia do vehículo:

- No suposto de que o vehículo sexa da propiedade do solicitante, deberá achegar a documentación esixida no apartado VI agás a do nº 1.

- No suposto de que posúa o vehículo en réxime de arrendamento financeiro, deberá achegar a documentación esixida no apartado VII agás a do nº 1.

- No suposto de que o vehículo sexa cedido pola empresa na que traballa, deberá achegar a documentación esixida no apartado VIII agás a do nº 1.

X).- Colocación do distintivo e uso indebido das autorizacións

O conductor deberá levar sempre colocado o distintivo no interior do parabrisas dianteiro do vehículo, concretamente no ángulo inferior dereito de xeito que sexa visible desde o exterior ou, en lugar visible en caso de vehículos sen parabrisas.

O distintivo conterá os seguintes datos: período de vixencia (ano natural) e matrícula do vehículo autorizado.

O uso indebido do distintivo ou da tarxeta magnética faculta ao Concelleiro Delegado para a retirada do mesmo así como a denegar a súa renovación por un período máximo de tres anos.

O prazo de presentación das solicitudes de renovación das autorizacións, que terán carácter anual, será do 1 ao 15 de decembro.

XI).- Comunicación de modificacións

Os titulares de autorizacións están obrigados a comunicar ao Concello de Vigo, no prazo máximo de quince días hábiles, calquera modificación respecto á titularidade do vehículo, residencia do propietario e demais datos e circunstancias tidas en conta na concesión da autorización. De nonse comunicar as modificacións operadas, o Concelleiro Delegado poderá denegar a súa renovación por un período máximo de tres anos.

XII).- Autotaxis en servizo, vehículos destinados á extinción de incendios, policía e servizos de urxencia, e máis vehículos municipais destinados á prestación de servizos públicos

Permítese a libre circulación de vehículos autotaxis en servizo, de vehículos destinados á extinción de incendios, policía, demais servizos de urxencia en servizos de tal carácter, e dos vehículos municipais destinados á prestación de servizos públicos.

Asemade, os clientes dos hoteis sitos na zona afectada poderá acceder para carga e descarga dos seus equipaxes, previa comunicación do hotel á policía local facilitando marca, modelo e matrícula.

Ditos vehículos accederán mediante pulsación do botón do aparato interfono sito á entrada da zona restrinxida (rúa Ferrería na súa confluencia coa rúa Santiago).

XIII).- Carga e descarga de mercadorías

Os vehículos dedicados ao transporte de mercadorías deberán realizar as súas tarefas de carga e descarga entre as 8:00 horas e as 11:00 horas.

XIV).- Necesidades especiais

Terán dereito de acceso as persoas de avanzada idade ou con condicionantes de mobilidade que residindo na zona afectada precisen ser recollidas ou trasladadas mediante un vehículo, e non se atopan en ningún dos supostos anteriormente regulamentados.

Aquelas persoas que pretendan axudalas deberán solicitar autorización para o seu vehículo acreditando a relación que os une. Deberán achegar coa súa solicitude a seguinte documentación:

- 1.- Copia compulsada do DNI do residente e certificado de empadramento.*
- 2.- Copia compulsada do DNI e dos permisos de condución das persoas que o recollan.*
- 3.- Copia compulsada do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita autorización.*
- 4.- Copia compulsada da tarxeta de inspección técnica do vehículo e máis do recibo acreditativo do pagamento do seguro de suscripción obrigatoria.*
- 5.- Copia compulsada do libro de familia, se aqueles que recollan aos interesados son os seus fillos e se non o son, declaración do interesado manifestando que a persoa cuxo vehículo e DNI se aportan na solicitude o recollerán.*

O Concello formará unha base de datos co nome, DNI e domicilio do interesado que deberá ser facilitado ao centro de xestión que permitirá o acceso do usuario. Deberán acceder mediante pulsación do botón do aparato interfono sito á entrada da zona restrinxida.

XV).- Outros posibles usuarios

O resto dos posibles usuarios do sistema (ceremonias civís e relixiosas, mudanzas, etc.) que non contan con autorización deberán acceder mediante pulsación do botón do aparato interfono sito á entrada da zona restrinxida sempre que exista comunicación previa escrita á policía local facilitando marca, modelo e matrícula.

Polo exposto, DISPOÑO

PRIMEIRO.- Aplicar o sistema de control de accesos de vehículos ao Centro Histórico do entorno da Ferrería que comprende as rúas Abelaira Menéndez, Cruz Verde, Ferrería, San Sebastián, Subida ao Castelo, Herba, Praza de Arguelles e a rúa de Santiago, nas condicións recollidas no corpo desta Resolución.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación desta Resolución no B.O.P conforme ao disposto no art. 59.5.a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta resolución surtirá efectos ao día seguinte da súa publicación no B.O.P.

TERCEIRO.- Comunicar aos interesados que a Resolución que se notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro.

Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación da presente Resolución no BOP; sen

prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito”.

Polo exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

ÚNICO: Tomar coñecemento da Resolución dictada no exp. adm. nº 77287/210/2010 polo Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, en virtude de delegación de competencias, efectuada por Decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, con data 8 de xaneiro de 2010.

Acordo

A Xunta de Goberno local toma coñecemento da Resolución dictada no exp. adm. nº 77287/210/2010 polo Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, en virtude de delegación de competencias, efectuada por Decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, con data 8 de xaneiro de 2010.

9(31).- TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN, DE DATA 08.01.2010, DITADA POLO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE, SEGURIDADE E TRANSPORTES, REFERENTE Á REGULACIÓN DA CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS NO CASCO VELLO BAIXO DE VIGO. EXPTE. 77288/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 15.01.10, que di o seguinte:

FEITOS:

O Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, en virtude de delegación de competencias, efectuada por Decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, con data 8 de xaneiro de 2010, dictou a seguinte Resolución:

“ ... O Excmo. Concello de Vigo ten a clara vontade de preservalo casco histórico e mailas súas zonas monumentais da presenza de vehículos e recuperalos espazos públicos para uso preferente dos peóns, garantindo a seguridade dos residentes e visitantes e melloral a oferta turística, comercial e cultural da zona.

O proxecto de restricción de acceso de vehículos ao centro histórico, establecendo zonas limpas, mediante o control e vixilancia das zonas peonís con bolardos mobis e cámaras de videovixilancia, supón a reordenación do tráfico, a peatonalización de varias rúas e mailo deseño dun protocolo de acceso para os veciños. O sistema consta dunha serie de pilonas retractis automáticas e fixas que se complementa cun sistema centralizado de xestión que permite atender aos usuarios as 24 horas do día.

O art. 7.a) do R.D. Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aprobou o texto articulado da lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, en concordancia co art. 25.2.b) da LRBRL 7/1985, de 2 de abril, atribúe aos municipios a competencia para a ordenación e control de tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan en ditas vías e maila sanción das mesmas cando non es-tea expresamente atribuída a outra Administración.

No exercicio das atribucións que ostento en materia de mobilidade, seguridade e transportes por delegación da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, dicto o seguinte DECRETO

I).- Ámbito territorial de aplicación

O ámbito territorial de aplicación deste Decreto esténdese ás rúas do chamado Casco Histórico Vello Baixo, comprendidas no interior do perímetro delimitado polas rúas Elduayen, Carral, Cánovas del Castillo, Avda. de Beiramar ata a súa confluencia coa rúa San Francisco e rúa de Poboadores ata a súa confluencia coa rúa Elduayen.

II).- Normas xerais

No ámbito delimitado observaranse, entre outras, as seguintes normas:

- Prohíbese o estacionamento de vehículos, agás nas rúas San Francisco e Poboadores.*
- Os residentes tan só poderán estacionar por tempo non superior a cinco minutos respectando a normativa de tráfico, agás naquelas rúas donde está prohibida a circulación de vehículos.*
- Prohíbese a entrada a vehículos destinados ao transporte de mercadorías cuxa masa autorizada supere as 3,5 toneladas (sinal R-107), agás autorización especial expedida pola concellería de mobilidade.*
- A velocidade máxima dos vehículos será de 20 Km/h.*
- Os conductores deben conceder prioridade aos peóns e os peóns poden utilizar toda a zona de circulación.*

III).- Prohibición de circulación aos vehículos

Prohíbese circular con vehículos, agás vehículos do apartado XI, polas rúas Peñasco, San Xulián, Cesteiros, Caracol, Misericordia, Baixada á Fonte, Cárcere Vello, Esperanza, Entrada Pescadores, Xoanela, Ballesta, Ribeira do Berbés, Praza de Pescadores, Praza da Princesa, Praza da Constitución e Praza do Berbés.

Nas restantes rúas, sitas no interior do perímetro delimitado, só poderán circular e estacionar por tempo non superior a cinco minutos os vehículos dos residentes do Casco Vello Baixo que contén con autorización municipal e máis os indicados nos apartados VIII, XI, XII, XIII e XIV.

IV).- Circulación de residentes

Os residentes do Casco Vello Baixo para poder circular deberán obter autorización municipal (distintivo e máis tarxeta magnética intelixente), previa solicitude do interesado nas oficinas administrativas da Policía Local, achegando a documentación que se indica nos apartados seguintes.

A autorización de acceso da dereito a entrar e circular na zona afectada polo sistema de control, segundo o establecido no apartado III, e tamén a estacionar por tempo non superior a cinco minutos de acordo co previsto no apartado III.

Terán condición de residentes as persoas físicas que teñan o seu domicilio (conforme ao padrón municipal) na zona delimitada. Establécense tres tipos de residentes en función do xeito de tenencia do vehículo:

- 1.- Residente con vehículo en propiedade.
- 2.- Residente con vehículo en réxime de arrendamento financeiro (leasing ou renting).
- 3.- Residente usuario de vehículo de empresa, coa que mantén relación laboral contractual.

V).- Residente con vehículo en propiedade

O residente con vehículo en propiedade, para obter autorización municipal, deberá achegala seguinte documentación coa súa solicitude:

- 1.- Certicado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen o Casco Vello Baixo.
- 2.- Copia compulsada do DNI e para os estranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.
- 3.- Copia compulsada do permiso ou licenza de conducción do interesado e máis do permiso ou licenza de circulación do vehículo para o que se solicita autorización. O nome e domicilio do titular do vehículo que conste no permiso ou licenza de circulación do vehículo deberá coincidir co que figure no certificado de empadramento.
- 4.- Copia compulsada da tarxeta de inspección técnica do vehículo e máis do recibo do pagamento do seguro de suscripción obrigatoria que acredite a súa vixencia.
- 5.- Documento que acredite que o vehículo está dado de alta no padrón do imposto municipal de vehículos de tracción mecánica do Concello de Vigo, e ao corrente do seu pagamento.

VI).- Residente en réxime de arrendamento financeiro (leasing ou renting)

O residente con vehículo en réxime de arrendamento financeiro, para obter autorización municipal, non pode dispoñer de vehículo en propiedade, e deberá achegala seguinte documentación coa súa solicitude:

- 1.- Certicado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen o Casco Vello Baixo.
- 2.- Copia compulsada do DNI e para os estranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.
- 3.- Copia compulsada do permiso ou licenza de conducción do interesado.
- 4.- Copia compulsada do contrato de leasing ou renting.
- 5.- Copia compulsada da póliza do seguro do vehículo debendo constar o interesado como condutor habitual e mais xustificante do pagamento da prima do periodo do seguro en curso.

VII).- Residente usuario de vehículo de empresa, coa que mantén relación laboral contractual

O residente que dispoña dun vehículo cedido pola súa empresa, para obter autorización municipal, non pode dispoñer de vehículo en propiedade, e deberá achegar a seguinte documentación coa súa solicitude:

- 1.- Certicado de empadramento do interesado en calquera das rúas que compoñen o Casco Vello Alto.
- 2.- Copia compulsada do DNI e para os estranxeiros, tarxeta de residencia, pasaporte ou documento análogo que acredite a personalidade do solicitante e maila súa residencia legal.
- 3.- Copia compulsada do permiso ou licenza de conducción do interesado.

4.- Documento extendido pola empresa no que se acredite que o solicitante é o único e exclusivo usuario do vehículo, que está autorizado para dispoñer do mesmo fora da súa xornada laboral, e que o uso do vehículo tributa como retribución en especie a efectos da declaración da renda das persoas físicas.

5.- Copia compulsada da póliza do seguro do vehículo debendo constar o interesado como condutor habitual e mais xustificante do pagamento da prima do periodo do seguro en curso.

VIII).- Usuarios de garaxes

Os usuarios de garaxes, sitos na zona delimitada, para obter autorización municipal deberán achegar xunto coa súa solicitude documento que acredite ser propietario ou arrendatario dunha praza de garaxe sita na zona delimitada.

Asemade, deberán achegar a documentación enumerada nos apartados precedentes en función do réxime de tenencia do vehículo:

- No suposto de que o vehículo sexa da propiedade do solicitante, deberá achegar a documentación esixida no apartado V agás a do nº 1.

- No suposto de que posúa o vehículo en réxime de arrendamento financeiro, deberá achegar a documentación esixida no apartado VI agás a do nº 1.

- No suposto de que o vehículo sexa cedido pola empresa na que traballa, deberá achegar a documentación esixida no apartado VII agás a do nº 1.

IX).- Colocación do distintivo e uso indebido

O condutor deberá levar sempre colocado o distintivo no interior do parabrisas dianteiro do vehículo, concretamente no ángulo inferior dereito de xeito que sexa visible desde o exterior ou, en lugar visible en caso de vehículos sen parabrisas.

O distintivo conterá os seguintes datos: período de vixencia (ano natural) e matrícula do vehículo autorizado.

O uso indebido do distintivo ou da tarxeta magnética faculta ao Concelleiro Delegado para a retirada do mesmo así como a denegar a súa renovación por un período máximo de tres anos.

O prazo de presentación das solicitudes de renovación das autorizacións, que terán carácter anual, será do 1 ao 15 de decembro.

X).- Comunicación de modificacións

Os titulares de autorizacións están obrigados a comunicar ao Concello de Vigo, no prazo máximo de quince días hábiles, calquera modificación respecto á titularidade do vehículo, residencia do propietario e demais datos e circunstancias tidas en conta na concesión da autorización. De nonse comunicar as modificacións operadas, o Concelleiro Delegado poderá denegar a súa renovación por un período máximo de tres anos.

XI).- Autotaxis en servizo, vehículos destinados á extinción de incendios, policía e servizos de urxencia, e máis vehículos municipais destinados á prestación de servizos públicos

Permítese a libre circulación de vehículos autotaxis en servizo, de vehículos destinados á extinción de incendios, policía, demais servizos de urxencia en servizos de tal carácter, e dos vehículos municipais destinados á prestación de servizos públicos.

Asemade, os clientes dos hoteis sitos na zona afectada poderá acceder para carga e descarga dos seus equipaxes, previa comunicación do hotel á policía local facilitando marca, modelo e matrícula.

Ditos vehículos accederán mediante pulsación do botón do aparato interfono sito á entrada da zona restrinxida.

XII).- Carga e descarga de mercadorías

Os vehículos dedicados ao transporte de mercadorías deberán realizar as súas tarefas de carga e descarga entre as 8:00 horas e as 11:00 horas.

XIII).- Necesidades especiais

Terán dereito de acceso as persoas de avanzada idade ou con condicionantes de mobilidade que residindo na zona afectada necesitan ser recollidas ou trasladadas mediante un vehículo, e non se atopan en ningún dos supostos anteriormente regulamentados.

Aquelas persoas que pretendan axudalas deberán solicitar autorización para o seu vehículo acreditando a relación que os une. Deberán achegar coa súa solicitude a seguinte documentación:

- 1.- Copia compulsada do DNI do residente e certificado de empadramento.*
- 2.- Copia compulsada do DNI e dos permisos de conducción das persoas que o recollan.*
- 3.- Copia compulsada do permiso de circulación do vehículo para o que se solicita autorización.*
- 4.- Copia compulsada da tarxeta de inspección técnica do vehículo e máis do recibo acreditativo do pagamento do seguro de suscripción obrigatoria.*
- 5.- Copia compulsada do libro de familia, se aqueles que recollan aos interesados son os seus fillos e se non o son, declaración do interesado manifestando que a persoa cuxo vehículo e DNI se aportan na solicitude o recollerán.*

O Concello formará unha base de datos co nome, DNI e domicilio do interesado que deberá ser facilitado ao centro de xestión que permitirá o acceso do usuario. Deberán acceder mediante pulsación do botón do aparato interfono sito á entrada da zona restrinxida.

XIV).- Outros posibles usuarios

O resto dos posibles usuarios do sistema (ceremonias civís e relixiosas, mudanzas, etc.) que non contan con autorización deberán acceder mediante pulsación do botón do aparato interfono sito á entrada da zona restrinxida sempre que exista comunicación previa escrita á policía local facilitando marca, modelo e matrícula.

Polo exposto, DISPOÑO

PRIMEIRO.- Aplicar o sistema de control de accesos de vehículos ás rúas do chamado Casco Histórico Vello Baixo, comprendidas no interior do perímetro delimitado polas rúas Elduayen, Carral, Cánovas del Castillo, Avda. de Beiramar ata a súa confluencia coa rúa San Francisco e rúa de Po-

boadores ata a súa confluencia coa rúa Elduayen, nas condicións recollidas no corpo desta Resolución.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación desta Resolución no B.O.P conforme ao disposto no art. 59.5.a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta resolución surtirá efectos ao día seguinte da súa publicación no B.O.P.

TERCEIRO.- Comunicar aos interesados que a Resolución que se notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro.

Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación da presente Resolución no BOP; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.”

Polo exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

ÚNICO: Tomar coñecemento da Resolución dictada no exp. adm. nº 77288/210/2010 polo Concelleiro Delegado de Mobilidade, Seguridade e Transportes, en virtude de delegación de competencias, efectuada por Decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, con data 8 de xaneiro de 2010.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

10(32).- APROBAR TECNICAMENTE O PROXECTO BÁSICO DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO SITUADO NA FINCA DE TORALLA COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES DA VILA ROMANA. EXPTE. 5288/307.

Examinadas as actuación do expediente, de acordo co informe proposta de data 18 de xaneiro da xefa de Patrimonio Histórico, coa conformidade do delegado da Área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar tecnicamente o proxecto básico de rehabilitación do edificio situado na finca de Toralla como centro de recepción de visitantes da vila romana, redactado polos arquitectos municipais, para os efectos de recabar a autorización preceptiva do Ministerio de Medio Ambiente, a través da Delegación provincial de demarcación de Costas do Estado.

Segundo.- Aprobar o inicio do expediente oportuno polo servizo municipal de Patrimonio para solicitar do Ministerio de Medio Ambiente a concesión administrativa para a

ocupación dos terreos necesarios para a execución das obras, en base ao informe emitido na data do 27/11/2003 pola Secretaría Xeral do Concello sobre a titularidade dos terreos, que fôra emitido para a tramitación da I Fase de recuperación do xacemento arqueolóxico, copia do que se incorpora a este expediente.

11(33).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE XULLO E NOVEMBRO DE 2009 (INCLÚE HORAS DE XUÑO E SETEMBRO). EXPTE. 19498/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 4 de xaneiro de 2010 emitido pola xefa do Servizo de Recursos Humanos coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 18 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente aos meses de xullo e novembro 2009 “Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de xullo e novembro 2009 (inclúe horas de xuño a setembro) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central	De Guillermo Abelleira Porrua a Bernardo Rodríguez Lestón	Xullo	201,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a Florentino Prieto Domínguez	Xullo	421,15
OSPPIO	De Ricardo Lobato Cameselle a Loreto Romero Gil-Delgado	Xullo	121,00
Alcaldía	Raquel Abalde Comesaña	Xullo	60,15
Alcaldía Condutores	Basilio Costas Fernández e Camilo Fontán Balbuena	Xuño a Novembro	1093,00
Vías e Obras	De José Luis Amoedo Cabaleiro a Rodrigo Rodríguez Rocha	Xullo	259,00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Manuel Villar Domínguez	Novembro	2835,00
Bombeiros (Oficinas)	María Luz Palmás Calvar	Xullo	47,00
Inspección de Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Raimundo Villar Estévez	Xullo	78,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a Adolfo Troncoso Campos	Xullo	745,00
1ª Tenencia Alcaldía	José Luis Pérez Costas e Manuel Antonio Vázquez Martínez	Novembro	54,00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Aviión a José Manuel Sousa Atrio	Xullo	174,00
Policía Local	De José Luis Alonso Moreira a Juan Guillermo	Novembro	992,00

(Xulgados)	Vivero Mijares		
Policía Local (Horas en exceso)	De José Luis Alonso Moreira a Lucía Vidal Lorenzo	Novembro	937,45

O montante do presente expediente ascende a un total de 77.333,16 € (SETENTA E SETE MIL TRESCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS)”.

12(34).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO AUXILIARES ADMINISTRATIVAS. EXPTE. 19602/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 18 de xaneiro de 2010 emitido polo técnico de organización coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Declarar a urxencia para proceder ó nomeamento de catro funcionarias interinas por acumulación de tarefas, como auxiliares administrativas, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Dirección de Ingresos, da Asesoría Xurídica Municipal e, do Rexistro Xeral, contidas nos escritos de datas 27 de novembro e 4 de decembro de 2009 e, 11 de xaneiro de 2010.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral por un período máximo de seis meses, á D^a. MARIA LUISA GONZÁLEZ NÚÑEZ, DNI 78.738.825-G, D^a. M^a. DE LOS ANGELES LANDÍN LORENZO, DNI 36.091.654-P, D^a. CAYETANA ALEJANDRA MARTÍNEZ PARDO, DNI 53.183.075-Z e, D^a. JESSICA DOMÍNGUEZ BORINES, DNI 36.121.672-B, seguintes aspirantes que superaron todos os exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de auxiliares de administración xeral por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de decembro de 2008 e na instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 44.301,32€, con cargo á partida orzamentaria 121.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral-, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Cuarto.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.

13(35).- ABOAMENTO DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AOS OFICIAIS CONDUTORES ADSCRITOS AO GABINETE DA ALCALDÍA, CORRESPONDENTE AO CARTO TRIMESTRE 2009. EXPTE. 19592/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 4 de xaneiro de 2010 emitido polo técnico de organización coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 18 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como condutores adscritos á Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, do 25 de abril, durante o terceiro trimestre do presente ano 2009, de conformidade coa proposta do xefe do Servizo de Protocolo e RRPP, de data 8 de outubro de 2009:

- D. Basilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, condutor da Alcaldía, por un importe total de 2.846,04 €.
- D. Camilo Fontán Balbuena, núm. persoal 22326, condutor da Alcaldía, por un importe total de 1.507,89 €.

Déase traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello por prazo de quince días.

14(36).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A CONSTRUCCIONES CRESPO S.A. POR IMPORTE 1.820,70 €. EXPTE. 60285/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do negociado de Vías e Obras, do 14.01.10, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por CONSTRUCCIONES CRESPO S.A. , de data 27/11/09, en relación a fianza constituída en data 27/11/2006, para responder dos danos que pudesan ocasionarse por execución de obras na Rúa Aragón , constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe da Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, donde informa favorablemente a devolución da fianza, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución da fianza a CONSTRUCCIONES CRESPO S.A., constituída na data reseñada, polo importe de 1.820,70 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución da fianza a CONSTRUCCIONES CRESPO S.A., constituída na data reseñada, polo importe de 1.820,70 euros.

15(37).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA Ó COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA, POR IMPORTE DE 1.792,97 €. EXPTE. 60272/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do negociado de Vías e Obras, do 14.01.10, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada polo COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA , de data 14/01/10, en relación a fianza constituída en data 11/03/2009, para responder dos danos que pudesen ocasionarse por execución de obras na Rúa Douro Cadaval , constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe da Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, donde informa favorablemente a devolución da fianza, e polo que PROPONSE:

Proceder a devolución da fianza a COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA, constituída na data reseñada, polo importe de 1.792,97 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza a COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA, constituída na data reseñada, polo importe de 1.792,97 euros.

16(38).- NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DE OBRA E APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE DO EQUIPAMENTO DE ACTIVIDADES MUSICAIS NO PARQUE TECNOLÓXICO DE VALADARES. EXPTE. 2716/336.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 20.01.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Nomear ao arquitecto municipal D. Juan Luis Piñeiro Ferradás coma coordinador en materia de Seguridade e Saúde perante a execución da obra de construción do Edificio de equipamento de actividades musicais no Parque Tecnolóxico de Valadares.

2º.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde redactado pola empresa adxudicataria C. Aldasa S.L.U. Para a obra construción do Edificio de equipamento de actividades musicais no Parque Tecnolóxico de Valladares do Concello de Vigo.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

17(39).- PROCEDEMENTO DE PAGAMENTO DAS BOLSAS-AXUDAS PARA OS PARTICIPANTES DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR”, ANUALIDADE 2010. EXPTE. 6669/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 15.01.10, conformado polo concelleiro de dito servizo, pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Acordar, para os meses de xaneiro a novembro da anualidade 2010, o procedemento de pago de becas nos termos acordados pola de Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 15 de xuño de 2009.
- 2.- Acordar para o mes de decembro de 2010, o procedemento excepcional de pago de becas nos termos acordados pola de Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 23 de novembro de 2009.
- 3.- Acordar a actualización do importe máximo mensual das becas-axudas que para a anualidade 2010 será de 399,38 euros (75% do IPREM 2010).
- 4.- Acordar a actualización do importe máximo diario das becas-axudas que para a anualidade 2010 será de 13,31 euros (75% do IPREM 2010).
- 5.- Autorizar o gasto polo importe de de 379.351,40 euros para facer fronte as axudas que se devenguen no exercicio 2010, pola asistencia aos cursos dos/das participantes no proxecto IMOS TRABALLAR, con cargo a partida presupostaria 3220 /4890001

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(40).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” E COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS

E CULTURAIS PARA A COORGANIZACIÓN DO ENTROIDO 1010. EXPTE. 3423/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 19 de xaneiro emitido pola técnica do Servizo de Animación Sociocultural coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 25 de xaneiro, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o convenio, que se transcribe ó final deste acordo, para a colaboración e produción da programación dos eventos do Entroido 2010, coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291, e Federación de Peñas Recreativas El Olivo, CIF-G-36.704.666.

2º.- Aprobar as Bases técnicas de participación e Convocatorias nos Concursos de Comparsas, Carrozas, Disfraces e Coplas da edición do Entroido 2010.

3º.- Autorizar un gasto total de 182.308,20 euros, para a produción e premios das actividades programadas, con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 4512.227.0606 (convenio organización entroido), a favor de:

- 62.043,28 euros, a favor da Federación de Peñas El Olivo, CIF. G-36.704.666,;
- 120.264,92 euros, favor da Agrupación de Centros deportivos e culturais, CIF G-36.791.291.

4º.- Que se realice un primeiro pagamento a conta por importe total de 89.243,27 euros, correspondente ó 40% do importe de produción (62.043,27euros) máis o importe íntegro dos premios dos concursos (27.200 euros).

5º.- Que os devanditos pagamentos se realicen pola conta habilitada de Animación Sociocultural (2080.0000.77.0040277241).

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO ENTROIDO

Vigo, xaneiro de dous mil dez,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira, concelleiro-delegado de Cultura e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:

D. ROBERTO GIRÁLDEZ BARBEITOS presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF. G-36.791.291, enderezo social na rúa Ecuador nº 34 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo

resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

e D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF. G-36.704.666, enderezo social na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA".

Intervindo ambas as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non teren limitada, para o outorgamento do presente Convenio

MANIFESTAN

1. Que o **Entroido** é un dos eventos festivos populares máis participativo e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista no canto de ser mera espectadora; a rúa como espazo privilexiado das festas.

2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, de concursos de comparsas, carrozas, disfraces, coplas; cun amplo programa de actuacións musicais e verbenas; animación infantil; enterro do meco, etc.

3. Que no **Entroido** participan activamente e de forma intensiva diversas entidades con carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4. Que dende o ano 1996 estanse a asinar convenios de colaboración entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do Entroido na cidade de Vigo.

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a organización do programa de animación sociocultural do ENTROIDO que se oferta á cidade de Vigo, segundo o proxecto de programa das actividades e bases dos diferentes concursos que se incorporan no anexo I deste convenio.

Segunda.- A programación do ENTROIDO levarase a cabo na cidade de Vigo nos días e lugares que aparecen na devandita programación.

A tal fin a produción destas actividades deberán suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e bases técnicas, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrência.

Terceira.-

1º.- O concello de Vigo establecerá unha contrapartida económica, con todos os conceptos e impostos incluídos para a produción do ENTROIDO, que se financiará con cargo ós créditos

consignados no programa orzamentario da Concellería de Animación Sociocultural correspondente a cada exercicio económico. A desagregación deste orzamento figura no anexo II deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

2º.- O Concello de Vigo aboará a cantidade estipulada como contrapartida deste convenio, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento, memoria final das actividades asinadas por ambas as dúas entidades, e certificado de conformidade do cumprimento asinado polo persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural ás actividades realizadas; conforme as seguintes contías e mediante transferencia bancaria ás contas correntes:

- O 60% do importe da produción máis o 100% do importe dos premios á conta nº 2100.5912.48.0200021010 domiciliada na entidade La Caixa, da que é titular a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF.- G-36.791.291;
- O 40 % do importe da produción á conta nº 2080.0020.16.0040023628 domiciliada en Caixanova, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF.- G-36.704.666.

3º.- Ingresos á conta: co gallo de facilitar a administración e produción, tramitarase de oficio, un anticipo dun 40% das contías parciais de produción máis o importe total dos premios, que se xustificará nos tres meses seguintes á data de ingreso. O 60% restante do orzamento de produción liquidarase previa a presentación da correspondente memoria e avaliación das actividades desenvolvidas, informe de execución comprensivo das accións realizadas e relacións dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar.

Cuarta.- Estabéllese a seguinte composición da comisión colaboradora, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da concellería de Animación Sociocultural:

- Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:
Interlocutor titular: Roberto Giráldez Barbeitos.
Interlocutor suplente: Angélica Sío Vila.
- e) Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”:
Interlocutor titular: Balbino Moreira Vallez.
Interlocutor suplente: Juan Carlos Padín Nieto.

Así mesmo, forma parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións, un técnico adscrito ó servizo de Animación Sociocultural.

Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsábel da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural. Para facer posíbel este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez portátiles ó seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.

Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.

A comisión presentará na Concellería de Animación Sociocultural, nos tres días hábiles seguintes á finalización do programa, un informe das posíbeis incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

Quinta.- *As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:*

- 1. Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto que figura no anexo I, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.*
- 2. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 3. Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios.*
- 4. Contratar todos os elementos necesarios para o programa, por exemplo:*
 - Actuacións musicais, orquestras e grupos folk.*
 - Infraestruturas para a produción: valados de seguridade, escenarios, megafonía no percorrido dos desfiles, portófonos e outra necesaria.*
 - Iluminación ornamental para os espazos adicados ó Entroido.*
 - Escenografía do pregón e da entronización, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Momo.*
 - Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil e xuvenil.*
 - Servizos de primeiros auxilios.*
 - Decoración dos palcos.*
 - Reportaxe fotográfica*
 - Agasallos ós membros do xurado.*
 - Calquera outro necesario para o bo desenvolvemento do programa.*

Neste sentido, a comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, sobre todo no referente ás orquestras, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.

- 5. Darlle á programación a maior difusión posíbel, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, e respectando a imaxe corporativa do Concello. A tal fin utilizaranse os seguintes soportes informativos:*
 - 1.500 unidades de carteis referenciais do Entroido.*
 - 20.000 unidades de programas de man informativos das actividades.*
 - 5 lonas para os fondos dos palcos, escenarios e percorridos: Rosalía de Castro, Praza da Constitución, Estación Marítima da Ría e Praza de Compostela (dúas), reproducindo o cartel*

do “Entroido 2010” incorporando os logotipos das entidades colaboradoras, Concellería de Animación Sociocultural e Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo.

6. Dotar a estes eventos do persoal voluntario necesario conforme ao seguinte:
 - Os voluntarios deberán levar de forma obrigatoria e en todo momento as prendas identificativas da organización que lles indique.
 - Durante o desenvolvemento dos actos non poderá fumar nin consumir bebidas alcohólicas.
7. Devolver os locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión organizadora, dentro do período de vixencia do presente convenio.
- 8.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).
9. Asumir todos os seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.
10. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.
11. Presentar na Concellería de Animación Sociocultural a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).
12. Asumir a edición do material gráfico da programación do Entroido e da súa distribución, para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural. Neste sentido, esta concellería poderá facilitar á comisión organizadora o cartel referencial do Entroido que resulte gañador no concurso convocado ó efecto. Todo o material editado deberá contar cos depósitos legais correspondentes.
13. Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades e espectáculos incluídos no programa do Entroido.
14. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.
15. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen os desfiles de comparsas e enterro do Momo nos lugares de concentración e percorrido establecidos.
16. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces, coplas previstos conforme as bases e convocatoria anual que se achega como anexo III a este convenio.

Sexta.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

1. O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade mencionada na cláusula terceira, para financiar a realización do programa do ENTROIDO, segundo o presuposto que figura no anexo II.

2. *A Concellería de Cultura e Animación Sociocultural xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias*
3. *Determinará o xurado do concurso de comparsas e facilitará na medida do posíbel a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO.*

Sétima.- *A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ó aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.*

Oitava.- *O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nas propias actividades que se determinen.*

Novena.- *A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola comisión organizadora. O material editado deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente na lingua galega.*

O logotipo e anagrama do Concello de Vigo, Concellaría Cultura e Animación Sociocultural e Tenencia de Alcaldía, figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ó público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización lingüística.

Décima.- *En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ó orzamento que figura no anexo II e cos prorrateos ós que tivese lugar.*

Décimo primeira.- *O presente convenio terá unha vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

Décimo segunda.- *O concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.*

E en proba de conformidade asinan por cuaduplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,

ANEXO I

PROGRAMA ENTROIDO 2010

Vigo, do 12 ao 17 de febreiro

Venres, 12 de febreiro.

Lugar: Praza da Constitución.

TREBOADAS E PASARRÚAS

Hora: de 19:30 ás 22:00 horas

Percorrido do pasarrúas: Casco Vello e rúa Príncipe.

PREGÓN

Hora: 20:30 horas

Pregoeiro/a:

ENTRONIZACIÓN DO REI E RAÍÑA DO ENTROIDO

Hora: 21:00 horas

CE E A ORQUESTRA PANTASMA. (Home orquestra).

Sábado, 13 de febreiro.

PASARRÚAS (charangas, murgas, xigantes e cabezudos).

Percorrido: Urzáiz, Príncipe, Porta do Sol, Carral, Praza Compostela.

Hora: 17:00 ás 19:00 horas

CONCENTRACIÓN E PASARRÚAS DA COMITIVA REXIA

Lugar: Praza da Constitución

Hora: 17:30 horas

Percorrido: Praza da Constitución, Triunfo, Praza da Pedra, As Avenidas, Montero Ríos, Pablo Morillo, Praza de Compostela.

RECEPCIÓN DA COMITIVA REXIA AO DEUS MOMO

Lugar: Morada olímpica da Praza de Compostela.

Hora: 18:00 horas

PASARRÚAS DA GRANDIOSA COMPARSA DA COMITIVA REXIA E DEUS MOMO.

Hora: 18:30 horas

Percorrido: Praza de Compostela, Areal, Serafín Avendaño

DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS

Lugar de concentración: Areal (dende Serafín Avendaño ata rúa Oporto).

Hora de concentración: 18:00 horas

Horas de saída do desfile: 19:00 horas

Percorrido: Serafín Avendaño, Rosalía de Castro, Inés Pérez de Ceta, Areal, Praza de Compostela, García Olloqui, Peirao de Transatlánticos (final).

VERBENA

Lugar: Porta do Sol

Hora: 22:30 horas

Orquestras: "Suavecito" e "Costa Oeste".

Domingo, día 14 de febreiro.

ENTROIDO INFANTIL

Lugar: Praza de Compostela.

Hora: 17:00 ás 20:00 horas

Actividades lúdicas, obradoiros, inchables, obradoiro de disfraces.

CONCURSO DE COPLAS

Lugar: Praza de Compostela.

Hora: 18:00 ás 20:00 horas.

SERÁN

Lugar: Praza da Constitución.

Hora: 20:00 horas

Luns, día 15 de febreiro

PASARÚAS DA GRANDIOSA COMPARSA E COMITIVA REXIA. CHARANGA.

Lugar: Praza de Compostela

Hora: 17:45 horas

Percorrido do pasarrúas: Praza de Compostela, Colón, Príncipe, Porta do Sol, Praza da Constitución.

2º XOGOS POPULARES DO ENTROIDO

Lugar: Praza de Compostela

Hora: 18:00 ás 20:00 horas

Martes, día 16 de febreiro

CONCENTRACIÓN E PASARRÚAS DA COMITIVA REXIA

Lugar: Praza da Constitución.

Hora: 17:45 horas

Percorrido: Praza da Constitución, Gamboa, Victoria, Praza de Compostela.

ACTO REXIO DE HOMENAXE E BICAMANS AO DEUS MOMO. ESWAECAMENTO E AGONIA DO DEUS MOMO

Lugar: praza de Compostela

Hora: 18:00 horas

CONCURSO DE DISFRACES.

Lugar: Praza de Compostela

Hora: 18:15 a 20:00 horas

Horario inscrición: 17:00 a 18:00 horas

VERBENA

Lugar: Porta do Sol

Hora: 22:30 ás 02:00 horas

Orquestras: "Charleston" e "Miramar"

ANUNCIO DO FALECIMENTO DO REI MOMO E LECTURA DO TESTAMENTO A PROL DO SEU FILLO MOMIÑO. XUIZO, SENTENZA E QUEIMA DO REI E RAIÑA DO ENTROIDO.

Lugar: Porta do Sol

Hora: 24:00 horas

Mércores, 17 de febreiro.

CATAFALCO DO SEPELIO DO DEUS MOMO

Lugar: Estación Marítima de ría.

Hora: 18:00 horas

EXEQUIAS FUNERARIAS SOLEMNES DAS COMPARSAS

Lugar de concentración: Areal (dende Serafín Avendaño ata rúa Oporto).

Hora de concentración: 19:00 horas

Hora de inicio do desfile: 19:30 horas

Percorrido de acompañamento e dó da comitiva: Serafín Avendaño, Rosalía de Castro, Inés Pérez de Ceta, Areal, Praza de Compostela, García Olloqui, Peirao de Transatlánticos (final).

SEPELIO DO DEUS MOMO

Lugar: Estación Marítima de Ría.

Hora: 20:30 horas

Oficios Laicos: responsos, sermóns, cantos solemnes, sepelio coa elevación ao olimpo das cinzas, notas e disposicións, lectura da acta do xurado dos premios do concurso e remate co berro final “QMROP - Que mal raio o parta”.

ANEXO II

PRESUPOSTO “Entroido 2010”

GASTOS

CONCEPTO	IMPORTE
ORQUESTRAS	13.000,00 €
ILUMINACIÓN	7.366,00 €
SON	5.000,00 €
PALCOS E CARPAS	3.500,00 €
S.G.A.E	900,00 €
SERVIZO DE ORDE	22.000,00 €
GRUPO DE TRABALLO	4.000,00 €
REPORTAXE FOTOGRÁFICA	500,00 €
IMPRESA e deseño cartel	4.000,00 €
MECO	5.000,00 €
CRUZ VERMELLA	1.200,00 €
TRANSPORTES	1.000,00 €
ENTROIDO DOS NENOS	3.097,20 €
PRODUCCIÓN XOGOS POPULARES	3.000,00 €
MERDEIROS	1.000,00 €
TREBOADA E ACOMPAÑAMENTOS	1.500,00 €
CHARANGAS	5.000,00 €
XIGANTES E CABEZUDOS	500,00 €
MAESTRO CERIMONIAS	1.000,00 €
AGASALLOS XURADOS	1.500,00 €
PRODUCCIÓN SERÁN	2.000,00 €
PROCCIÓN OLIVO/ACDC	3.000,00 €
VALADOS DE SEGURIDADE	3.045,00 €
VARIOS: (seguridade catafalco,comidas traballo,area meco, decoración palcos,etc)	3.000,00 €
PREMIOS ENTROIDO	27.200,00 €
COMITIVA REXIA	60.000,00 €
TOTAL	182.308,20 €

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO

Primeira.- A Concellaría de Animación Sociocultural do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do entroido 2010 convocan o tradicional concurso de comparsas que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido. Neste concurso poderán inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 20 persoas.

Segunda.- As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en impreso normalizado para este fin, dende o día 29 de xaneiro, coincidindo coa data de publicación da convocatoria na prensa local, ata as 13:30 horas do día 5 de febreiro do ano 2010. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa do Concello e na web municipal.

Terceira.- Os premios establecidos para os concursos serán os seguintes:

3.1. Modalidade do Concurso de Comparsas:

3.2.

PREMIOS XERAIS:

- 1º PREMIO: 1.800,00 euros
- 2º PREMIO: 1.400,00 euros
- 3º PREMIO: 1.000,00 euros
- 20 ACCÉSIT non acumulables aos tres primeiros premios de:
 - 500,00 euros para aquelas comparsas entre 20 e 50 compoñentes que participen no desfile de comparsas do sábado
 - 600,00 euros para aquelas comparsas entre 51 e 80 compoñentes que participen no desfile de comparsas do sábado.
 - 700,00 euros para aquelas comparsas que teñan mais de 80 compoñentes que participen no desfile de comparsas do sábado.

PREMIOS ESPECIAIS:

- 800,00 euros, á comparsa máis festeira e con música en directo, que participe no desfile de comparsas do sábado e cortexo de acompañamento no enterro do Momo, non acumulable ós premios citados anteriormente.
- 400,00 euros, acumulables aos premios e accésits anteriores, para aquela comparsa mellor caracterizada no cortexo de acompañamento no enterro do Momo. Para poder optar a este premio, os/as integrantes da comparsa deberán vestir de loito rigoroso, entendendo por tal a utilización de prendas de cor negra ou morada na súa totalidade. En todo caso, será o xurado do concurso o único con capacidade para valorar este aspecto.
- 200,00 euros, acumulables aos premios e accésits anteriores, para aquelas vinte e tres comparsas que, a maiores do desfile de comparsas do sábado, participen no cortexo do enterro do Rei do Momo o mércores de cinza, cun mínimo de 20 participantes, caracterizados cos mellores distintivos de loito.

3.2. Modalidade do Concurso de Carrozas:

- 1º PREMIO: 400,00 euros
- 2º PREMIO: 300,00 euros
- 3º PREMIO: 200,00 euros

Poderán participar todas as carrozas asistentes e previamente inscritas xunto á comparsa, que participen no desfile de comparsas do sábado día 13 de febreiro. Estes premios son acumulables ós premios e accésits anteriores.

Os premios serán indivisibles e poderán quedar desertos algúns deles, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola comisión colaboradora do Entroido, constituída pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

Cuarta.- *O número da orde das comparsas inscritas no desfile asignarase mediante sorteo público, que se realizará na Casa do concello, o día 10 de febreiro, ás 12:00 horas, na Casa do Concello. Co obxecto de facilitar a organización deste concurso, resulta conveniente que algún representante de cada comparsa inscrita acuda a este sorteo.*

Quinta.- *A concentración das comparsas inscritas farase nos seguintes lugares e horas:*

5.1. Desfile de Comparsas (Sábado, 13 de febreiro):

▶ **CONCENTRACIÓN:**

Hora: 18:00 horas

Lugar: Rúa Areal (entre Oporto e Serafín Avendaño).

▶ **DESFILE:**

Hora: 19:00 horas

Percorrido: Serafín Avendaño, Rosalía de Castro, Inés Pérez de Ceta, Areal, Praza de Compostela, García Olloqui e Peirao de Transatlánticos (final).

5.2. Cortexo do Enterro do Momo (Mércores, 17 de febreiro):

▶ **CONCENTRACIÓN:**

Hora: 19:00 horas

Lugar: Rúa Areal (entre Oporto e Serafín Avendaño)

▶ **DESFILE DO CORTEXO PREVIO AO ENTERRO**

Hora: 19:30 horas

Percorrido: Serafín Avendaño, Rosalía de Castro, Inés Pérez de Ceta, Areal, Praza de Compostela, García Olloqui e Peirao de Transatlánticos (final).

As comparsas que se presenten unha vez pasada a hora de concentración desfilarán en último lugar, se así o estima o persoal de organización.

Sexta.- *As carrozas participantes no desfile de comparsas non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar a cabeza tractora:*

Longo: 8'00 m. / Largo: 3'50 m. / Alto: 4'50 m.

En caso de que algunha das carrozas participantes incumpra algunha destas medidas quedarán excluídas directamente do desfile.

Así mesmo, e co obxecto de garantir a seguridade dos demais participantes e do público asistente, o persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile ou

cambiar o seu posto da orde a calquera elemento das comparsas que se considere perigoso (animais de todo tipo, petardos, bengalas...),

Sétima.- *A valoración dos criterios dos concursos estará determinada polo xurado disposto no palco principal e lugares indeterminados do percorrido do/s desfile/s.*

O xurado do concurso estará composto por:

PRESIDENTE:	<i>Concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, ou persoa en quen delegue.</i>
VOCAIS:	<i>Tres persoas vencelladas ó humorismo, medios de comunicación, artes escénicas, deseño, cultura... Un membro da comisión organizadora do Entroido.</i>
SECRETARIO/A:	<i>Un técnico ou técnica do Concello de Vigo, con voz e sen voto.</i>

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, pero deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, vestuario, orixinalidade, coreografías, e presenza de elementos complementarios como carrozas, harmonía, simpatía, etc.

Queda totalmente prohibido que as comparsas se deteñan durante o desfile ó seu paso por diante do palco do xurado, así como que algún dos seus membros se dirixa a este. Nos dous casos, a comparsa quedará eliminada do concurso se así o estima o xurado.

Oitava.- *As comparsas inscritas poderán participaran nas datas indicadas na convocatoria anual, no desfile de comparsas e no cortexo de acompañamento a cinzas do Meco.*

Novena.- *A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ao remate do desfile do "Enterro do Momo".*

Décima.- *O concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.*

Décimo primeira.- *A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.*

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE COPLAS DO ENTROIDO

Primeira.- *A Concellaría de Animación Sociocultural do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do entroido 2010 convocan o tradicional concurso de coplas que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido o domingo 14 de febreiro, na praza de Compostela, de 18:00 a 20:00 horas. Neste concurso poderán inscribirse todos aqueles grupos de persoas maiores de doce anos, agrupadas nun mínimo de 6 e máximo de 25 compoñentes. Os compoñentes dunha agrupación non poderán participar noutro grupo distinto. O número máximo de grupos participantes queda limitado a oito, que se seleccionarán por rigorosa orde de inscrición.*

Segunda.- *As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en impreso normalizado para este fin, dende o día 29 de xaneiro, coincidindo coa data de publicación da convocatoria na prensa local, ata as 13:30 horas do día 5 de febreiro do ano 2010. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a*

causa do seu atraso. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa do Concello e na web municipal.

Xunto á inscrición achegaranse as letras das coplas e un listado co nome e idade dos compoñentes. A orde de actuación será por estrita orde de inscrición no concurso.

Terceira.- Os premios establecidos para o concurso serán os seguintes:

- 1º PREMIO: 600,00 euros.
- 2º PREMIO: 400,00 euros
- 3º PREMIO: 200,00 euros
- 5 ACCÉSIT non acumulables ós premios anteriores de 150,00 euros

Calquera destes premios poderá quedar deserto se así o considera o xurado.

Os premios serán indivisibles e poderán quedar desertos algúns deles, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola comisión colaboradora do Entroido, constituída pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

Cuarta.- A composición das coplas será libre, cun mínimo de 4 estrofas, con interpretación acompañada de música.

Cada agrupación poderá presentar un máximo de dúas coplas.

Quinta.- As letras terán que ser integramente en galego.

Sexta.- Valorase o enxeño e humor das letras, así como a posta en escena, composición e instrumentalización das mesmas.

Sétima.- A valoración dos criterios do concurso estará determinada polo xurado disposto no lugar da interpretación que designe a convocatoria anual

O xurado do concurso estará composto por:

PRESIDENTE:	Concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, ou persoa en quen delegue.
VOCAIS:	Tres persoas vencelladas ó humorismo, medios de comunicación, artes escénicas, deseño, cultura... Un membro da comisión organizadora do Entroido.
SECRETARIO/A:	Un técnico ou técnica do Concello de Vigo, con voz e sen voto.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, pero deberá prestar atención a cuestións como: número de membros, composición de letras, vestuario, orixinalidade, coreografías, etc.

Oitava.- A decisión do xurado farase pública mediante a lectura da acta ao remate do desfile "Enterro do Momo".

Novena .- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Décima.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.

BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO

Primeira.- A Concellaría de Animación Sociocultural do Concello de Vigo e a Comisión organizadora do entroido 2010 convocan o Concurso de disfraces, que se realizará dentro do programa de actividades e espectáculos do Entroido na Praza de Compostela o martes día 16 de febreiro.

Segunda.- As inscricións para participar neste concurso realizaranse o mesmo día entre ás 17:00 horas e as 18:00 horas na Praza de Compostela. As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local e estarán a disposición dos/as interesados/as na oficina de Información situada na lonxa do Concello e na web municipal.

Terceira.- Os premios establecidos para este concurso serán os seguintes:

- 75,00 euros para categoría individual infantil (até os 13 anos).
- 75,00 euros para categoría individual xeral (máis de 13 anos).
- 100,00 euros para a categoría de grupo infantil conxuntado (até 13 anos).
- 100,00 euros para a categoría de grupo xeral conxuntado (máis de 13 anos)

Os premios serán indivisibles e poderán quedar desertos algúns deles, sobre todo no caso dos accésit, segundo a decisión do xurado do concurso. En caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do xurado.

Os aboamentos dos premios serán tramitados pola comisión colaboradora do Entroido, constituída pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, unha vez recibida a acta do xurado e estarán suxeitos á normativa fiscal que corresponda.

Cuarta.- A valoración dos criterios do concurso estará determinada polo xurado disposto no lugar da interpretación que designe a convocatoria anual

O xurado do concurso estará composto por:

PRESIDENTE:	Concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural, ou persoa en quen delegue.
VOCAIS:	Dous membros da comisión organizadora do Entroido 2010.
SECRETARIO/A:	Un técnico ou técnica do Concello de Vigo, con voz e sen voto.

Quinta .- O concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles eventualidades ou controversias que poidan xurdir e non previstas nestas bases.

Sexta.- A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das bases. A decisión do xurado é inapelable.

CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO 2010

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS
NIF ENDEREZO
NÚM PISO LETRA CP.
LOCALIDADE.....teléfono..... Fax
Correo electrónico.-.....@.....

EN REPRESENTACIÓN DE:

Si mesmo.

Núm conta bancaria Banco Oficina
(Imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do NIF e certificación bancaria).

da entidade denominada

..... CIF

ENDEREZO..... Núm..... PISO..... LETRA.....
CP LOCALIDADE Tlf Fax

Correo electrónico.....@.....
Núm conta bancaria Banco Oficina

(Imprescindible achegar unha fotocopia compulsada do CIF e certificación bancaria).

SOLICITA a inscrición da comparsa denominada

.....
- Núm de compoñentes da comparsa (mínimo de 20)

- ¿Presenta carroza? En caso afirmativo, resulta imprescindible cubrir os seguintes datos: ALTO LARGO LONGO

(Ver nas bases do concurso as medidas máximas permitidas)					
- ¿Presenta algún outro tipo de elemento (animais, automóviles...)?	SI	NON			
En caso afirmativo, indicar cales e o seu número:					

Vigo, de de 2010

SINATURA

EXCMO. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

- **O número de orde de participación das comparsas inscritas nos desfiles decidirse mediante sorteo público o día 10 de febreiro ás 12:00 horas, na Casa do Concello (Praza do Rei, s/n).**

CONCURSO DE COPLAS DO ENTROIDO 2010
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS
NIF ENDEREZO
NÚM PISO LETRA CP.
LOCALIDADE TELÉFONO FAX
.....
CORREO ELECTRÓNICO@.....

EN REPRESENTACIÓN DE:

Si mesmo.

Núm conta bancaria Banco Oficina

(Imprescindíbel achegar unha fotocopia compulsada do NIF e certificación bancaria).

da entidade denominada

..... CIF

ENDEREZO..... Núm..... PISO..... LETRA.....

CP LOCALIDADE TEL FAX

Núm conta bancaria Banco Oficina

(Imprescindíbel achegar unha fotocopia compulsada do CIF e certificación bancaria).

SOLICITA a inscrición do grupo:

Número de coplas que presenta (máximo dúas):

Título I: Nº estrofas:

Título II: Nº estrofas:

ACHEGA:

Letras das coplas

Listado con nome, apelidos e idade dos compoñentes

Vigo, de de 2010

SINATURA

EXCMO. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO

- **A orde de actuación decidírase segundo a estrita orde de inscrición no Rexistro Xeral do Concello.**

19(41).- MARCO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS MUNICIPAIS PARA A PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL DE EMERXENCIAS PARA O ANO 2010. EXPTE. 49454/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 5 de xaneiro emitido pola técnica de Actividades Económicas de Benestar Social coa conformidade da

concelleira delegada e máis do xefe da área, visto o informe da Asesoría Xurídica de data 12 de xaneiro e máis da Intervención Xeral de data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o marco de actuación do programa de subvencións directas individuais para a prevención, asistencia e promoción social.

Segundo.- Autorizar o gasto de 170.000 euros con cargo á partida 3130.480.00.00 ou á súa bolsa de vinculación e 20.000 euros con cargo á partida 4123.480.00.00, para facer fronte ás axudas económicas individuais para a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia no exercicio 2010, correspondentes ós centros de gasto 3130 –Benestar Social- e 4123 –CEDRO- dependentes da Concellería de Benestar Social, facultando á Concelleira-Delegada de Benestar Social para a aprobación e concesión, no seu caso, das concretas axudas económicas a favor dos usuarios de benestar social.

Terceiro.- Autorizar que unha vez aprobado o orzamento 2010, se tramite o expediente económico para autorización do gasto de 56.000€ con cargo á partida 3130.780.00.00 prevista no citado orzamento.

Cuarto.- Aprobar a realización de libramentos a xustificar ata os importes máximos indicados no apartado primeiro, a nome das/dos funcionarias/os habilitadas/os de Benestar Social, e do centro CEDRO, para facer efectivos os referidos gastos e que serán aboadas nas contas restrinxidas da Tesourería Municipal.

20(42).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dezaoto minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.